

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de xaneiro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás onde horas e cincuenta e cinco minutos do día vinteseis de xaneiro de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, ata o punto nº 23 no que se ausenta e continua a presidencia o primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(25).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase, por unanimidade, as actas das sesións do 29 de decembro de 2003 e do 5 de xaneiro de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(26).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 03/7522/99 INTERPOSTO POR D. CARLOS A. PRINCIPE E OUTRA CONTRA ACORDO PLENARIO DO 28.11.98 SOBRE

IMPOSICIÓN DE TAXAS SERVICIO DE AUGAS E ORDENANZA FISCAL REGULADORA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 17.10.03 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictada no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimamos o recurso contencioso-administrativo formulado por Carlos Alberto González Príncipe e Dolores Villarino Santiago contra acordo de 28.12.09 sobre imposición de taxas pola prestación de servizos de xubministracións de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, así como a Ordenanza Fiscal Reguladora, dictada polo Excmo. Concello de Vigo, sen especial pronunciamento en custas procesuais.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

3(27).- SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. CASACIÓN Nº 3331/2000 INTERPOSTO POR Dª MARIA DEL ROSARIO ELOSUA BITERI CONTRA SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4486/96, SOBRE DESALOJO DO EDIFICIO DA RÚA COMPOSTELA Nº 21. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 28.11.03, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no recurso de referencia interposto contra sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimatoria de r.c.a. interposto contra resolución da Alcaldía do Concello de Vigo, de data 12.06.95, pola que se ordena o inmediato desaloxo de todos os ocupantes do inmovible sito na Praza de Compostela nº 21 ata que non se realice un estudo da súa consolidación estrutural e informe técnico competente sobre a seguridade e estabilidade do edificio e a execución de medidas de protección que se expresan no informe emitido na mesma data así como a que no escrito de interposición do recurso se cualifica como resolución de 18 de decembro seguinte, e que consiste nun informe emitido conxuntamente polo arquitecto e aparelador municipal favorable a que se proceda ó apuntalamento do indicado inmovible conforme ó proxecto presentado pola Comunidade de Propietarios, con determinados condicionamentos constructivos, concreción de prazos de execución e presentación de proxecto asinado por técnico competente e visado colexial. O Tribunal Supremo falla o seguinte:

“Que debemos declarar e declaramos a inadmisión do recurso de casación para a unificación de doutrina número 3331/2000 interposto por Dª María del Rosario Elosúa Biteri, contra a sentenza dictada con data 4 de febreiro de 1999 pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso 4486/96. Impoñemos á parte recorrente as custas deste recurso”.

A Xunta de Goberno queda entera do contido da sentenza.

4(28).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 01/1102/02 INTERPOSTO POR D. JOSE MANUEL GONZALEZ UCHA E D. JUAN CARLOS ROMÁN CASAS CONTRA ACORDO DA C.GOVERNO SOBRE APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS PARA SELECCIÓN DUN TÉCNICO MEDIO DE SERVICIOS ECONÓMICOS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.12.03 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Que debemos desestimar e desestimamo-lo recurso contencioso-administrativo interposto por D. Jose Manuel González Ucha e D. Juan Carlos Román Casas contra acordo da Comisión de Goberno do Concello de Vigo, de data 22.07.02, desestimatorio de reclamación deducida polos actores contra acordo de 27 de maio anterior, polo que se aproban as Bases Específicas para a selección dun técnico medio de servicios económicos (Grupo B), Administración Especial, da Oferta de Emprego Público de dito Concello para o ano 2001; todo iso sen facer imposición de custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

5(29).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4526/00 INTERPOSTO POR D. JOSE BENITO GONZALEZ DOMÍNGUEZ CONTRA ACORDO DA C.GOVERNO DO 22.05.00 DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 26.12.03 dictada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto contra resolución de 22.05.00 da C.Goberno pola que se desestima expresamente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo demandante como consecuencia da caída da súa moto o 22 de maio de 1999 á altura do nº 11 do camiño Pinelas. A Sala falla o seguinte:

“Que debemos desestimar e desestimamos integramente a demanda formulada polo procurador D. José Antonio Castro Bugallo, actuando en nome e representación de José Benito González Domínguez, contra a resolución de 22.05.00, dictada polo Concello de Vigo, confirmando integramente a mesma, todo iso sen facer expresa imposición de custas a ningunha das partes.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

6(30).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4015/00 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER BUGARÍN ROMÁN CONTRA ACORDO PLENARIO DE 15.04.99

DENEGATORIO DA DESAFECTACIÓN DE PARTE DO CÑO. RAMAL-1 DA AGUADIÑA E APROBA A SÚA RECTIFICACIÓN INVENTARIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 19.12.03 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto contra acordo de 15.04.99 que ten o seguinte contido: 1)denega a desafectación dos primeiros 22 m. do camiño ramal 1 da Aguadiña e 2) aproba inicialmente a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos, dando de baixa o ramal 1 do camiño da Aguadiña-Sampaio, que na actualidade figura como público no epígrafe 1 de viarios co comezo na propia rúa Aguadiña e remate na finca particular nº 15, agás dos 22 primeiros metros do devandito camiño que se fai mención no parágrafo 1 deste acordo. A Sala falla o seguinte:

“Rexeitamo-lo recurso contencioso-administrativo do procurador Sr. Sánchez González, no nome de D. Francisco Javier Bugarín Román contra o acordo de 15.04.1999 (expte. 9839/240) do Concello de Vigo”.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

7(31).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 32/03 INTERPOSTO POR D. LUIS CASTRO IGLESIAS CONTRA SILENCIO PRODUCIDO NA RECLAMACIÓN DE OBRAS ILEGAIS E OMISIÓN DO EXERCICIO DE DEFENSA DE BENS DO DOMINIO PÚBLICO. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 7.01.04 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra “silencio administrativo y falla de actividade e actuacións que lle son esixibles normativamente ante a denuncia por infracción urbanística de construción de edificios sen licenza municipal, e no seu caso, por non exercer-la acción de defensa dos bens e dereitos para recupera-lo dominio e libre circulación do indicado camiño público denominado “Camiño de Eixón” na parroquia de Castrelos”. A Sala falla o seguinte:

“Declaro a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto por Luis Castro Iglesias, por non existir actuación administrativa susceptible de impugnación ante este orden xurisdiccional. Sen custas.”

Segundo consta no informe da letrada adscrita a Asesoría Xurídica, de 16.01.04, “A Administración Municipal cumpriu coa súa obriga de exercer-las accións necesarias para a defensa dos seus bens (art. 60.1 LBRL 7/1985, art. 220 ROF. 2568/1986, art. 9.2 RBEL 1372/1986, art. 270 L 5/1997) tramitou e resolveu o expediente de recuperación de oficio da posesión municipal nº 00487 (expediente municipal nº 15879/240)”.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

8(32).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 212/03 INTERPOSTO POR D. ANTONIO GARCÍA FERNÁNDEZ CONTRA RESOLUCIÓN DO 12.05.03 DESESTIMATORIA DE ESCRITO DE ALEGACIÓN SOBRE RETENCIÓN DE CONTÍA EN CONTA BANCARIA POR IMPAGO DO EUI-1994. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza do 13.01.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Antonino García Fernández contra resolución de 12 de maio de 2003 do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto contra dilixencia de embargo e retención efectuada a pedimento do Concello de Vigo na conta do actor na entidade Caixa Galicia, por contía de 29,40 €, por falla de pagamento do EUI do ano 1994; actos que declaro conformes a dereito. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

9(33).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 217/2003 INTERPOSTO POR Dª MARIA HERMIDA ALVAREZ CONTRA PROVINCENCIA DE CONSTRINXIMENTO DE 17.01.01 POLO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 17.12.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por María Hermida Alvarez contra resolución de 10.06.02 do Concello de Vigo, que desestima o recurso de reposición interposto contra providencia de constrinximento de 17.01.01, en relación co imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana correspondente ó inmovible sito na avda. Camelias, nº 118 de Vigo (expte. 1467/502), actos que declaro axustados a Dereito. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

10(34).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 123/2003 INTERPOSTO POR GLOVIS S.L. CONTRA RESOLUCIÓN DE 27.01.03 DESESTIMATORIA DE REC.REPOSICIÓN CONTRA PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO SOBRE A TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO 93-96. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 19.12.03, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por GLOVIS S.L. contra resolución de 27.01.03 do Concello de Vigo, que desestima o recurso de reposición interposto contra providencia de constrinximento dictada en relación coa liquidación complementaria da taxa de recollida de lixo, actos que declaro axustados a Dereito. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

11(35).- SOLICITUDE DE SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL S.L. DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A “COPA DEL MUNDO DE SALTO Y ENGANCHES DE LA FEDERACIÓN ECUESTRE INTERNACIONAL-2004” NO IFEVI. EXPTE. 4824/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de Servicios Hípicos Hipigal S.L. e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.01.04, conformado pola concelleira de Deportes, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Autorizar a Servicios Hípicos Hipigal S.L. para realizar e desenvolver o evento deportivo –Copa del Mundo de Salto y Enganches de la Federación Ecuestre Internacional- edición de 2004, que terá lugar os días 13, 14 e 15 de febreiro no IFEVI.

12(36).- BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO, TEMPORADA 2003-2004. 4287/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización favorable emitido polo xefe de Contabilidade, o 19.01.04, conformado pola interventora xeral, o informe xurídico favorable, emitido polo xefe da Área de Réxime Interior e secretario delegado no IMD, de data 13.01.04, e de conformidade co informe-proposta do director deportivo do IMD, de 13.01.04, conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar ás Bases para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo- Temporada 2003-2004 e os seus anexos, autorizando un crédito de 451.000 Euros con cargo á partida 4521 489 00 00 do orzamento de 2004.

Bases da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo- temporada 2003-2004.

A Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva: Esta convocatoria vai a instrumentar o programa de

subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro. Con tal motivo e no marco das súas competencias o Concello de Vigo, a través do Servicio de Deportes, regula o acceso ás subvencións a través destas Bases e tal fin destina no seu orzamento do ano 2004 a cantidade de 451.000 Euros con cargo á partida orzamentaria “4521 489 00 00-Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro” do orzamento prorrogado.

Por todo isto se convocan as subvencións para as entidades deportivas de Vigo para a temporada 2003-2004. A convocatoria destas subvencións se efectuará baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Artigo 1. Lexislación aplicable.

A lexislación aplicable ás Bases desta convocatoria e a seguinte: lexislación básica do estado, con carácter supletorio, a lexislación estatal non básica, a normativa autonómica, e as normas, que no uso da súa potestade regulamentariamente aprobe, ou teña aprobadas, o Concello de Vigo.

Artigo 2. Natureza e contía das axudas.

2.1. A presente convocatoria ten por finalidade promover en réxime de concorrencia competitiva entre as entidades deportivas sen fin de lucro que reúnen os requisitos establecidos nesta Bases, co obxecto de fomentar o deporte e a práctica deportiva. Sendo o seu finalidade o outorgamento de subvención municipal, da actividade deportiva en xeral, das entidades deportivas de Vigo. Incluíndo a participación en actividades deportivas así como a organización destas, durante a temporada 2003-2004.

2.2 A contía da subvención se determinará pola Xunta de Goberno Local consonte cos criterios de avaliación establecidos no artigo 12 das presentes Bases.

2.3 A entidade deportiva solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para a temporada 2003-2004.

2.4 A subvención concedida se destinará exclusivamente a cubrir os gastos directamente relacionados coa actividade do club durante a temporada 2003-2004.

Artigo 3. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios.

3.1. Poderán solicitar axudas á presente convocatoria os clubs deportivos, asociacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo e que cumpran os requisitos que establece esta convocatoria. Asemade deben ter personalidade xurídica propia e sen finalidade lucrativa.

En relación coa modalidade de fútbol sala poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

3.2 Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Os clubs de fútbol sala que non teñan, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.
- Os clubs que por calquera causa se retirasen da competición oficial durante a tempada 2002/2003 ou 2003-2004

3.3 As entidades deberán estar integradas nas competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

Artigo 4. Financiamento da convocatoria.

A financiación das axudas e subvencións concedidas ó amparo destas Bases, será con cargo á partida orzamentaria do orzamento prorrogado para 2004 – 4521 489 00 00- Subvención a clubs e entidades sen fin de lucro, por un importe total de (451.000 Euros).

Artigo 5. Formalización das solicitudes e documentación.

5.1 Comprende a instancia de solicitude e os distintos cuestionarios de solicitude e a documentación requirida nestas Bases. Os cuestionarios de solicitude, os impresos de solicitude e demais documentación se atopan a disposición dos interesados nas oficinas do Servicio de Deportes do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n. 10ª planta.

5.2. A instancia de solicitude estará dirixida a Concelleira Delegada da Área de Promoción Economía e Desenvolvemento Local. A formula o representante legal da entidade peticionaria e se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

5.3. A cada exemplar de instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

- a) Modelos dos Cuestionarios e certificados de solicitude correspondentes do anexo I.
- b) Datos referentes á actividade da entidade deportiva, nº de equipos, categorías, actividades que organizan e actividades nas que teñen previsto participar, deportistas, etc.
- c) Certificado da federación correspondente do número de equipos federados en cada categoría e do número de licencias en cada categoría.
- d) Certificado do secretario da entidade do orzamento de ingresos para a temporada 2003/04
- e) Certificado do secretario da entidade do orzamento de gastos para a temporada 2003/04
- f) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- g) Certificado de estar o corrente do pagamento coas obrigas tributarias do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos.
- h) Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- i) Tódolos datos referidos ó enderezo, código postal, etc.
- j) Acreditación doutras axudas públicas concedidas para financiar ás actividades polas que solicita a presente subvención.

Artigo 6. Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes, a esta convocatoria, será de 30 días naturais contados dende o día seguinte a súa publicación na prensa local e no Taboleiro de anuncios do Concello de Vigo. Computando o dito prazo dende a súa publicación na prensa local.

Artigo 7. Subsanción da solicitude.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presenta convocatoria, o solicitante será requirido para que, no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou amaie a falla, con advertencia de que se non o fixera, se lle terá por desistida a súa solicitude, e arquivarase o expediente.

Artigo 8. Avaliación e proposta de resolución.

- 8.1 *A avaliación das solicitudes presentadas a esta convocatoria, se realizará mediante un proceso interno de avaliación que levará a cabo o técnico do Servicio de Deportes.*
- 8.2 *O Servicio de Deportes valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os criterios e baremos que figuran no artigo 12. Os datos a baremar corresponderán as actividades da temporada 2003/2004.*
- 8.3 *O Servicio de Deportes elevará a proposta de resolución a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.*
- 8.4 *No caso de que as solicitudes nesta temporada 2003-2004 exceda o crédito destinado a este programa, o Servicio de Deportes axustará proporcionalmente a totalidade das subvencións ata encaixalas no crédito do ano 2004. O cálculo se realizará multiplicando cada unha das cantidades polo coeficiente corrector que resulte.*

Artigo 9. Aceptación e obrigas que comportan a concesión de subvención.

- 9.1 *A aceptación por parte dos adxudicatarios da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvención a entidades sen fin de lucro.*
- 9.2 *O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.*
- 9.3 *Os beneficiarios das subvencións obríganse a:*
 - a) *Cumprir todas as normas establecidas nas Bases da convocatoria*
 - b) *Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*
 - c) *Deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan.*
 - d) *Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.*
 - e) *En todas as publicacións, carteis, rótulos...etc, é indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” como entidade financiadora.*
- 9.4 *Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comproba-lo correcto destino da subvención, procedendo no suposto de non se-lo prefixado, á revocación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar do Concello de Vigo novas peticións. Igualmente actuará coas solicitudes que non presenten os xustificantes en tempo e forma.*

Artigo 10. Xustificación das axudas

*10.1 A resolución da Xunta de Goberno Local seralles notificada ós interesados. Para tramita-lo pago do importe da subvención concedida, terán que achegar, a seguinte documentación:
Xustificantes (facturas orixinais que deberán recolle-lo número de CIF, a data, o número de factura e o IVE correspondente) dos gastos relacionados coa solicitude da subvención solicitada pola entidade deportiva. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. neste sentido non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas polo art. 3 do RD 2402/85, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computara o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán a tempada 2003/2004.
Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación).
Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.*

As facturas que se presenten como xustificante terán que estar conformadas pola entidade emisora.

10.2 Ningunha entidade deportiva adxudicataria das subvencións, poderá percibila, mentres teña débedas por calquera concepto co Concello de Vigo e os seus organismos autónomos. A tal efecto presentarán certificado no que conste estes extremos.

10.3 No caso de non presenta-la documentación deste apartado, o expediente de subvención será revocado coa conseguinte perda da subvención.

10.4 A presentación de xustificantes en ningún caso excederá o prazo do 5 de decembro de 2004. En caso contrario perderase o dereito a percibi-la axuda. Non obstante o anterior a Xunta de Goberno Local poderá ampliar o prazo destas xustificacións se ocorreran excepcionais debidamente acreditadas.

Artigo 11. Reintegro das contías percibidas:

Segundo o Texto Refundido da LGP, e demais normativa local en materia de facendas locais, procederá o reintegro das contías percibidas e a esixencia do interese de demora dende o momento do pago das subvencións, nos seguintes casos:

Incumprimento da obriga da xustificación

Obte-la subvención sen reuni-las condicións requiridas, unha vez acreditados pola administración municipal tales extremos.

Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida

Incumprimento das condicións impostas as entidades colaboradoras e beneficiarios con motivo da concesión da subvención.

Realización por parte do beneficiario dunha actividade ou prestación dun servizo, cun custo inferior a subvención recibida, proveña desta administración ou de distinta ou ente público ou privado, estatal ou internacional.

Sen prexuízo do previsto no presente artigo, a falsidade ou calquera outra conducta punitiva porase en coñecemento da xurisdicción penal por parte do Concello de Vigo.

Artigo 12. Baremo e criterios de avaliación.

O baremo e criterios para avaliar as solicitudes desta convocatoria é o seguinte:

1. Fútbol.

<i>3 división</i>	<i>3.600 Euros</i>
<i>Rexional preferente</i>	<i>2.800 Euros</i>
<i>1ª Rexional</i>	<i>1.150 Euros</i>
<i>2ª Rexional</i>	<i>1.100 Euros</i>
<i>3ª Rexional</i>	<i>550 Euros</i>
<i>División de honra xuvenil</i>	<i>4.450 Euros</i>
<i>Liga nacional xuvenil</i>	<i>1.020 Euros</i>
<i>Liga Galega xuvenil</i>	<i>510 Euros</i>
<i>División de honra cadete</i>	<i>570 Euros</i>
<i>Outras categorías</i>	<i>180 Euros</i>

- ✓ *Participación en campeonatos, actividades, etc. Ata un máximo de 3.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.*
- ✓ *Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 2.700 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes*

2. Fútbol sala.

Os clubs de fútbol sala para ser avaliados deberán ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

<i>Outras categorías superiores</i>	<i>1.500 Euros</i>
<i>Autonómica feminina</i>	<i>1.170 Euros</i>
<i>Autonómica sur</i>	<i>990 Euros</i>
<i>Provincial</i>	<i>540 Euros</i>
<i>Local división de honra</i>	<i>225 Euros</i>
<i>Local 1ª</i>	<i>180 Euros</i>
<i>Local 2ª</i>	<i>150 Euros</i>
<i>Outras categorías</i>	<i>150 Euros</i>

- ✓ *Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800.- Euros*
- ✓ *Participación en campeonatos, actividades, etc. Ata un máximo de 2.700 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.*
- ✓ *Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 2.400 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes*

3. Baloncesto..

<i>Nacional</i>	<i>5.100 Euros</i>
<i>Autonómica</i>	<i>1.500 Euros</i>
<i>Sénior masculino e feminino</i>	<i>500 Euros</i>
<i>Xuvenís masculino e feminino</i>	<i>240 Euros</i>
<i>Outras categorías</i>	<i>180 Euros</i>

- ✓ *Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800 Euros.*
- ✓ *Participación en campeonatos, actividades, etc. Ata un máximo de 3.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.*
- ✓ *Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 3.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes.*

4. Balónmán.

<i>1ª Nacional</i>	<i>5.100 Euros</i>
<i>2ª Nacional</i>	<i>1.500 Euros</i>

Outras categorías	180 Euros
-------------------	-----------

- ✓ Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800 Euros.
- ✓ Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 2.700 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade,
- ✓ Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 3.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes

5. Outras modalidades.

As modalidades que poidan avaliarse ben por equipos ou por nº de licencias, se aplicará o criterio máis vantaxoso para a entidade.

A.- Deportes colectivos

Seniors - Xuvenís	240 Euros
Cadetes	210 Euros
Infantís	180 Euros
Alevins – Benxamíns	150 Euros

B.- Deportes individuais

Seniors - Xuvenís	30 Euros /Lic.	Máximo 360 Euros
Cadetes	24 Euros/Lic	Máximo 312 Euros
Infantís	18 Euros/Lic	Máximo 252 Euros
Alevins – Benxamíns	12 Euros/Lic	Máximo 180 Euros

Na modalidade de ximnasia rítmica avaliarase coa cantidade de 4.800 Euros ó club que ostente a máxima categoría, en cada momento.

C.- Aspectos comúns para o apartado outras modalidades.

- ✓ Alugamento de instalacións, subvención do 50%. Ata un máximo de 1.800 Euros.
- ✓ Participación en campionatos, actividades, etc. Ata un máximo de 2.700 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.
- ✓ Organización de actividades e colaboración co sistema deportivo municipal. Ata un máximo de 2.400 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes.

6. Entidades de elite (Clubs de elite).

- ✓ Pola categoría na que participa.
 - Máxima categoría – 30.000 Euros
 - Categoría anterior – 18.000 Euros
 - Categoría anterior – 12.000 Euros

- ✓ *Polo alugamento de instalacións ata un 50% ata un máximo de 6.000 Euros*
- ✓ *Polos desprazamentos fora da cidade ata un máximo de 30.000 Euros*
- ✓ *Por participación en actividades deportivas ata un máximo de 30.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, Pola importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade.*
- ✓ *Organización de actividades deportivas municipal. Ata un máximo de 30.000 Euros. Os criterios serán os seguintes: difusión da imaxe deportiva da cidade, Pola importancia deportiva da actividade, Categoría deportiva da actividade, Importancia social da actividade, Número de máximo de participantes*

13(37).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVICIO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2003. EXPTE. 2150/077.

Mediante escrito de data 7.01.04 a concelleira de Promoción Económica e Emprego, en conformidade co establecido na base 31ª das Bases de Execución do Presuposto municipal do 2003, dá conta á Xunta de Goberno dos expedientes de contratos menores tramitados polo servizo de Desenvolvemento Local e durante os meses de maio, xuño, xullo e agosto do presente ano e que son os seguintes:

Nº Exp.	Concepto	Suministrador	Importe
2068/077	Autorización de contrato menor de subministros para dotación de maquinaria á Escola obradoiro "Mar de Vigo II".	Varios	10.254,1 €
2074/077	Autorización de contrato menor de limpeza das instalacións da Escola obradoiro "Mar de Vigo II".	Única-Servicios de Limpieza,S.A.	581,30 €
2076/077	Autorización de contrato menor para a subministración de equipos informáticos para os programas municipais de emprego.	Paz Dismac,S.L.	11.431,80 €
2085/077	Autorización de contrato menor de subministros para material de oficina da Escola obradoiro "Mar de Vigo II".	Varios	600 €
2093/077	Autorización de contrato menor de subministro para dotación de vestiario da Escola obradoiro "Mar de Vigo II".	Varios	6.001,33 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

14(38).- PROPOSTA DE CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “INTELIGENCIA Y TECNOLOGÍA S.L.” EXPTE. 2167/077.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico Local de Emprego, conformado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego e polo concelleiro de dito servizo, a Xunta de Goberno acorda:

Promover ante a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a calificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “INTELIGENCIA Y TECNOLOGIA, S.L.”, (que terá por obxecto a realización de dous tipos de actividades:a) Adaptación das empresas nos seus procesos de datos ás lexislacións vixentes “Lei 15/1999 de protección de datos personais (LOPD), RD 994/1999 de medidas de seguridade e Lei 34/2002 de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico (LSSICE), e b) Formación no campo do “pensamento estratéxico”, clave na consecución dos obxetivos dos negocios. Implantación deste pensamento, mediante un método baseado no coñecemento e o análise; tanto en empresas, Administración Pública e ensinanza) sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio por parte dos Técnicos Locais de Emprego (TLE) do Servizo de Asesoramento a emprendedores SAE do Concello de Vigo, na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como levarán a cabo todo-los trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.
- Tera preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais a creación de empresas as que no seu caso obte.

15(39).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTO.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda aproba-la seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
CRESPO CASAL ALVARO	0312030	300,51.-		300,51.-	
MOLDES CRESPO GILBERTO	0367456	51,91.-	51,91.-		
“	0367457	248,09.-	248,09.-		
OJEA PEREZ RAFAEL	0335017	1.525,01.-	1.611,73.-		86,72.-
RODRIGUEZ CADARSO LUIS	0330696	164,97.-	164,97.-		
“	0330694	414,60.-	414,60.-		
VAZQUEZ RIAL RAMON	0353658	191,81.-	191,81.-		
TOTAL			2.683,11.-		

16(40).- DAR CONTA DO INFORME DO XEFE DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR DE 9.01.04 SOBRE OS TRÁMITES A REALIZAR COMO CONSECUCENCIA DA SENTENCIA DO TSXG Nº 2003 EN RELACIÓN COA CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS NA RÚA URZÁIZ E PRAZA DA INDEPENDENCIA. EXPTE. 11395/240.

A Xunta de Goberno retira este expediente da orde do día.

17(41).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A VIVEROS O PIÑEIRO CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN. EXPTE. 16668/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do enxeñeiro de Montes, Parques e Xardíns, do 30.10.03, o informe favorable da interventora xeral, do 10.11.03 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial adscrita ó Servicio de Contratación, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

Devolver a Viveros O Piñeiro S.L. a fianza de 240 € constituída para responder da subministración de materiais de construción xa que foron recibidos mediante acta de 28.10.03 conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

18(42).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA DAR DE ALTA NO PADRÓN DO IBI EDIFICACIÓNS OMITIDAS OU REFELCTIDAS DE MODO ERRONEO OU INCOMPLETO. EXPTE. 77/500.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servicio de Contratación, do 16.01.04, conformado polo concelleiro de Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por acordo da Comisión de Goberno de 29-12-2001 se adxudicou a asistencia técnica para dar de alta no padrón do IBI edificacións omitidas ou reflectidas de modo erroneo ou incompleto da forma seguinte:

Lote A: Longo, Ansa y Asociados, S.L.

Lote B: Santiago Cucart, S.L.

Na cláusula 5 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase que o contrato tería vixencia de dous anos dende o día primeiro do mes seguinte a aquel no que se notifique o acordo de adxudicación, polo que

os contatos iniciáronse o día 01-02-2001. Na mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorrogalo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.

A Directora de Ingresos en informe que consta no expediente propón a prorrogado contrato por unha anualidade máis.

A vista das anteriores consideracións propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorízase-la prorrogado para o período 01-02-2004 o 31-01-2005 da asistencia técnica para dar de alta no padrón do IBI edificacións omitidas ou reflectidas de modo erróneo ou incompleto (lote A) adxudicado por acordo da Comisión de Goberno de 29-12-2001 a “Longo, Ansa y Asociados, S.L.”. O importe da prorrogado se establece na cantidade de 31.252,63 euros, sen perxuízo da súa actualización de acordo co disposto na cláusula 3 do prego de condicións que rexiu a contratación.

2º.- Autorízase-la prorrogado para o período 01-02-2004 o 31-01-2005 da asistencia técnica para dar de alta no padrón do IBI edificacións omitidas ou reflectidas de modo erróneo ou incompleto (lote B) adxudicado por acordo da Comisión de Goberno de 29-12-2001 a “Santiago Cucart, S.L.”. O importe da prorrogado se establece na cantidade de 31.252,63 euros, sen perxuízo da súa actualización de acordo co disposto na cláusula 3 do prego de condicións que rexiu a contratación.

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

19(43).- RECLAMACIÓN DA COMUNIDADE DE MONTES DE CABRAL EN RELACIÓN COA FINCA Nº 200 AFECTADA POLA OBRA DA AUTOPISTA A9 TRAMO RANDE-PUXEIROS. EXPTE. 16688/240.

A Xunta de Goberno retira este expediente da orde do día.

20(44).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA O MANTEMENTO DO TERRO DE XOGO DO ESTADIO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 3861/333.

Antecedentes

A Comisión de Goberno en sesión do 17.11.03, aprobou o expediente de contratación do Servizo de mantemento do terreo de xogo do Estadio municipal de Balaídos.

O secretario xeral adxunto con data 19.12.03 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOG nº 232 e no BOP nº 232 de datas 28 de novembro de 1 de decembro do presente ano respectivamente, presentouse unha única oferta: CESPAS.A.

A Mesa de Contratación realizada o 23.12.03 procedeu á apertura da documentación presentada pasándo a oferta a informe do servico de Deportes, que foi emitido polo aparelador municipal e o director deportivo, o 29.12.03, conformado pola concelleira delegada de Deportes e no que fan constar que “a oferta de CESPAS.A. é a mais axeitada para os intereses municipais”.

A Mesa de Contratación en sesión do 13.01.04, á vista devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Compañía Española de Servicos Públicos Auxiliares, S.A. (CESPA) o mantemento do campo de fútbol de Balaídos por un importe de 31.607,71 euros/ano, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 17.11.2003 e a oferta presentada.

21(45).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A DIRECCIÓN TÉCNICA DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS. EXPTE. 3859/333.

Antecedentes

A Comisión de Goberno en sesión do 17.11.03, aprobou o expediente de contratación da prestación de servicos da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaídos, Madroa e Barreiro.

O secretario xeral adxunto con data 19.12.03 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio publicado no DOG nº 232 e no BOP nº 233 de datas 28 de novembro de 2 de decembro do presente ano respectivamente, presentouse unha única oferta: José Manuel Calderón Rodríguez.

A Mesa de Contratación realizada o 23.12.03 procedeu á apertura da documentación presentada pasando a oferta a informe do servico de Deportes, que foi emitido polo aparelador municipal e o director deportivo, o 29.12.03, conformado pola concelleira delegada de Deportes e no que fan constar que “a oferta de José Manuel Calderón Rodríguez é a mais axeitada para os intereses municipais”.

A Mesa de Contratación en sesión do 13.01.04, á vista devandito informe, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a José Manuel Calderón Rodríguez a asistencia técnica para a dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais por un importe de 20.740,80 euros/ano, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 17-11-2003 e a oferta presentada.

22(46).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE APOIO ÁS INICIATIVAS MUSICAIS DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 972/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas redactado pola xefa do Servicio de Xuventude, e conformado pola concelleira de Xuventude e a concelleira de Área, e o prego de cláusulas administrativas redactado polo xefe de negociado do Servicio de Contratación, de data 19.12.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, ámbolos dous para a contratación por procedemento negociado dos servizos de apoio ás iniciativas musicais da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo; visto o informe xurídico de data 13.01.04 e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, do 19.12.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, a concelleira de Xuventude e a interventora xeral, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 14.995,5 euros/ano euros para a prestación dos servizos de apoio as iniciativas musicais da concellería de xuventude do concello de Vigo que se imputarán á partida 4520.227.06.10 do presuposto do ano 2004.

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas e técnicas para a contratación dos servizos de apoio as iniciativas musicais da concellería de xuventude do Concello de Vigo.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

NESTE INTRE AUSENTASE DA REUNIÓN A PRESIDENTA SRA. PORRO MARTÍNEZ, PASANDO A PRESIDIR O CONCELLEIRO SR. FIGUEROA VILA.

23(47).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO CON TURVIGO, FERIAS Y CONGRESOS S.A. PARA A PROMOCIÓN, ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DE FEIRAS PATROCINADAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15847/240.

A Xunta de Goberno retira este expediente da orde do día.

24(48).- PROPOSTA DE INTEGRACIÓN DO CONXUNTO DE ARTE RUPESTRE DOS MONTES DO MOUXO NA REDE GALEGA DO PATIMONIO ARQUEOLÓXICO. EXPTE. 1898/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta emitido polo xefe de Patrimonio Histórico, do 3.12.03, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

Unha vez analisada a solicitude da Comunidade de Montes Veciñais de Coruxo de data 8/07/2003 sobre o estado de conservación e propostas de actuación sobre a riqueza arqueolóxica do espazo forestal que xestionan, e seguindo instrucións do concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, redáctase o seguinte Informe-proposta:

I

A cadea montañosa situada no sur do termo municipal de Vigo (que convencionalmente agrupamos co nome de Montes do Mouxo), conformada polos montes de Saiáns, Coruxo Oia e Valadares, cuxa superficie é en boa parte de man común, administrada polas respectivas Comunidades de Montes, concentra un importantísimo número de estacións con gravados rupestres (petroglifos) catalogados e declarados (por disposición xenérica contida na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia) como Bens de Interese Cultural. O inventario de petroglifos podería ademais verse considerablemente ampliado de realizarense prospeccións intensivas na zona.

O Concello de Vigo –sen que se teña concretado aínda nun proxecto de execución concreto- ten expresado en diversas ocasións o seu interese por poñer en valor sociocultural esta zona extraordinariamente rica en elementos do patrimonio cultural arqueolóxico e etnográfico.

Esta preocupación compártese de xeito expreso coas Comunidades de Montes en Man Común implicadas que dun e doutro xeito teñen manifestado o seu interese por protexer e difundir este patrimonio e por colaborar –como propietarios de boa parte dos terreos onde están localizados estes elementos- en proxectos con esta finalidade.

Neste sentido tense manifestado recentemente a Comunidade de Montes de Coruxo ó enviar ó Concello de Vigo en xullo de 2003 unha razoada proposta de creación dunha ruta cultural dos gravados rupestres que se atopan dentro –ou na proximidade- da súa área de xestión.

Coincide basicamente esa proposta coa que no ano 1996 presentou o Concello de Vigo –sen que finalmente fose seleccionada- ó “Programa Europeo de cooperación interregional e de innovación económica regional. Artigo 10 do Regulamento do FEDER” no ano 1996, baixo o título “Proxecto de Cooperación Interrexional Parque etno-arqueolóxico O Mouxo”.¹

Coincide tamén co intento divulgativo recollido na publicación do Museo Municipal “Arte Rupestre nos Montes do Mouxo. Coruxo e Oia”, do ano 1998 dentro da colección “Rutas arqueolóxicas viguesas”, así como a organización e desenvolvemento en Vigo no ano 1999 do Congreso Internacional da Arte Rupestre Europea.

¹ Ver fichas de recursos presentadas no proxecto citado de “Parque etno-arqueolóxico O Mouxo” nas que graficamente se recollen unha caracterización desta zona.

II

A Xunta de Galicia comeza no ano 2001 o proceso de creación da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico (RGPA) e, en concreto, aproba o proxecto de Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre no municipio de Campolameiro, na provincia de Pontevedra.

Dentro dos obxectivos da RGPA atópase a creación de 4 grandes Parques Arqueolóxicos (Megalitismo na Terra de Soneira na Costa da Morte, Arte Rupestre en Campolameiros, Cultura Castrexa en San Cibrán de Lás, Ourense e Mundo Romano na cidade de Lugo) que sirvan de referencia e cabeceira dunha rede estruturada de elementos arqueolóxicos visitables (denominados: Áreas arqueolóxicas, Rutas arqueolóxicas e Xacementos visitables) e centros de exposición (Centro de Interpretación, Centro de Recepción, Museo de Sitio e Sinalizacións) situados noutras partes significativas do territorio galego.

A creación da RGPA, e no caso que nos ocupa, do Parque arqueolóxico da Arte Rupestre de Campolameiro, representa unha oportunidade única para a posta en valor dun xeito coherente da recoñecida riqueza dos conxuntos rupestres do litoral sur da ría de Vigo e, máis en concreto, dunha das zonas de maior presenza de gravados: os montes de Oia e Coruxo e do seu contorno.

Tal oportunidade non vén soamente derivada da importancia arqueolóxica obxectiva desta área, senon tamén doutros factores de oportunidade que deben ser tidos en conta:

- A proximidade xeográfica e a facilidade de comunicación co Parque arqueolóxico de Campolameiro.*
- A concentración dos gravados nunha área relativamente pequena e percorrible a pé, comunicada por sendas peonís informais e formais (sendeiro GR-54).*
- A privilexiada situación da zona dende o punto de vista natural e paisaxístico, así como a presenza dun número considerable de elementos do patrimonio cultural, tanto arqueolóxico como etnográfico².*
- A forte humanización do territorio cun alto nivel asociativo e coa presenza de equipamentos cívicos e culturais de relevancia que poden servir como elementos receptores-difusores de información e dinamización.*
- A circunstancia de que unha boa parte dos gravados están en terreos forestais de titularidade das Comunidades de Montes, entidades que, ademais, teñen manifestado o seu interese pola valorización destes elementos. Este feito simplifica considerablemente a xestión por parte da administración, tanto para a creación da área arqueolóxica como para a súa posterior conservación e manexo.*
- A existencia no municipio do Museo Municipal cunha importante sección de Arqueoloxía e do Servizo de Patrimonio Histórico, que poden servir como elementos de referencia para a xestión integrada da área arqueolóxica en estreita relación co Centro de Interpretación de Campo Lameiro e a propia Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.*

III

Síntese dos valores patrimoniais da zona

A zona obxecto desta proposta –que habería que finalmente delimitar en función dos obxectivos de integración na Rede do Patrimonio Arqueolóxico de Galicia– posúe unha serie de características relevantes neste sentido:

- Unha concentración moi importante de gravados rupestres especialmente no monte comunal de Oia e Coruxo (50 petroglifos catalogados nestes montes e nos inmediatos limítrofes) da mesma cadea do sur do municipio. No*

² Nos anexos e fichas de recursos que acompañan a este informe compróbase a cantidade e diversidade do patrimonio presente

ámbito atópanse tamén importantes elementos arqueolóxicos que abranguen dende o megalitismo ata a idade media: unha mámoa, seis castros, dúas vilas romanas (unha delas, a de Toralla en proceso de museización) e dúas igrexas románicas (San Salvador de Coruxo e capela do Freixo).

- Recursos naturais e paisaxísticos, vinculados principalmente á inmediatez da costa e o valor paisaxístico da cadea montañosa. A marisma do río Lagares e o Humidal do Vao, o curso baixo e paseo do Lagares e do Rego da Rega e a propia costa entre as parroquias de Coruxo e Saiáns na que se alternan praias e cantís de alto valor paisaxístico e turístico, conforman un “límite” de alto valor desta área de montes. A extensión forestal ten tamén unha alta potencialidade natural e unha relevancia paisaxística ó posuir miradoiros practicables de grande beleza pois abranguen a contemplación das rías de Vigo, illas Cíes, Ons, Baiona e mesmo ría de Pontevedra, cun ángulo de visión de practicamente 180°.
- Elementos inventariados do patrimonio etnográfico característico do rural de Galicia distribuídos por toda a zona nas parroquias de Coruxo, Oia, Saiáns e Comesaña, e xeral cun relativo bo estado de conservación: muíños de auga (74) –nos que destacan os conxuntos restaurados –e actualmente cun uso sociocultural e didáctico consolidado–, do regato de Saiáns e de Gontade en Oia–, hórreos (336), cruceiros (9) e cruces de pedra (3) e unha boa presenza de arquitectura rural tradicional.
- Recursos recreativos e turísticos consolidados: praias, cinco parques forestais e o sendeiro de gran percorrido GR-53 –que atravesa lonxitudinalmente a cadea montañosa– o porto artesanal e deportivo de Canido ou as instalacións do Club de Campo.
- Recursos sociais e culturais: cinco locais de asociacións veciñais e culturais, cinco centros de ensino, cinco comunidades de montes, un centro sociocultural municipal e a Aula Municipal de Etnografía e Natureza.

Pódese comprobar pois a altísima potencialidade social que posúe esta área e que acompaña de xeito evidente ás posibilidades de posta en valor do patrimonio arqueolóxico rupestre alí situado.

Á vista do anteriormente expresado proponse:

Solicitar á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia o estudio e –se é o caso– a elaboración dun proxecto para a creación da Área de Arte Rupestre “Montes do Mouxo-Vigo”, que se integre na Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico (RGPA), dependente do Parque Arqueolóxico de Campolameiro, coa categoría de Área Arqueolóxica Visitable.

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contido no precedente informe.

25(49).- PROXECTO DE CONVENIO CONCELLO DE VIGO-UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ESTUDIOS DE ALUMNOS DA FACULTADE DE DEREITO.EXPTE. 14541/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 18.12.03, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Autoriza-la sinatura do Convenio entre a Ilma Alcaldesa do Concello de Vigo e o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a regulacion dun programa de prácticas entre ambas institucións para completa-la formacion dos alumnos universitarios.

2º.- Tódolos gastos derivados da realización das prácticas deberán ser asumidos íntegramente polo Centro. En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin de danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenvolvemento do mesmo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS DE PRACTICUM PARA ALUMNOS DA FACULTADE DE DEREITO

COMPARECEN

Por unha parte o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que actúa en nome e representación da Universidade segundo o establecido no artigo 20 da lei 6/2001, de 21 de decembro de Universidades e no Decreto 201/2002, do 13 de Xuño, da Xunta de Galicia.

Doutra, o Concello de Vigo , con CIF P-3605700-H , e domicilio na Praza do Rei, s/n 36201 Vigo, e no seu nome e representación Dª Corina Porro Martinez, actuando en calidade de Alcaldesa do Concello de Vigo.

Ámbolos dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das respectivas entidades o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a USC è unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores profesionais e socioeconómicos nos que se inserirán no futuro próximo os seus egresados.

SEGUNDO.- Que a Facultade de Dereito da USC ten establecido dentro do seu plano de estudos (2003) a realización dun Practicum de 15 créditos que se estrutura a través de prácticas internas dentro do propio centro e en prácticas externas en colaboración con distintas organizacións de carácter profesional.

TERCEIRO.- O Concello de Vigo e unha Administración pública de ámbito territorial, que ten por obxecto competencial o establecido no Artigo 25 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime local.

En vista do que a USC e Concello de Vigo acordan as seguintes

Cláusulas

PRIMEIRA.- A finalidade desta colaboración é proporcionar ós alumnos que van licenciarse a posibilidade dunha formación práctica tendente a familiarizalos cos procesos o actividades que terán que desenvolver nun futuro próximo no ámbito dos seus respectivos traballos. Esta formación habilitarase a través da presenza dos estudantes nas dependencias do Concello de Vigo nas que poidan adquirir a mencionada formación, en horarios e coas funcións que se determine pola Comisión de Seguimento.

SEGUNDA.- O Practicum estará coordinado pola Facultade de Dereito, actuando como supervisores o profesorado universitario responsable das materias conforme ó estipulado no plano de organización docente. Por parte de Concello de Vigo a coordinación desenvolverase a través do Xefe da Unidade de Persoal.

TERCEIRA.- A adscrición dos alumnos deberá facerse consonte os criterios fixados polos responsables universitarios.

CUARTA.- Ó remate de cada período de Practicum os alumnos deberán elaborar unha memoria final sobre o traballo realizado que deberá ser avaliada polos supervisores responsables. Ademais os titores responsables da entidade colaboradora elaborarán un informe sobre a actuación dos estudantes. Este informe servirá como certificación da realización do Practicum dos estudantes no Concello de Vigo

QUINTA.- A Universidade de Santiago comprométese a expedir-las correspondentes acreditacións ós profesionais asociados que actúen como titores no Practicum.

SEXTA.- Os profesionais titores comprométese a orientar e asesorar individualmente a cada estudante de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades, e a facilitar ós estudantes os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan de maneira que poidan participar nos proxectos de traballo que se están realizando.

Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titoriza, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia resulte beneficiosa para ambos e emitir informe de aproveitamento do alumnado segundo os criterios fixados polos responsables universitarios do Practicum. .

SÉTIMA.- A realización destas prácticas non supoñen ningún tipo relación laboral, non serán de ningún xeito retribuídas e non determinarán responsabilidade algunha da entidade colaboradora Concello de Vigo , xa que logo os alumnos están cubertos polo seguro escolar.

O alumnado respectará en todo momento a vida profesional do Concello de Vigo , especialmente coas persoas coas que establecen relación e cos recursos que utilicen.

OITAVA.- A realización deste convenio non supón contraprestación económica algunha polas entidades asinantes.

NOVENA.- Para o seguimento e cumprimento do convenio establecerase una comisión mixta paritaria integrada por un representante da Facultade de Dereito da USC e un representante do Concello de Vigo. Esta comisión dictará as súas normas internas de funcionamento debéndose reunir cando o solicite algunha das partes do mesmo.

Terá asemade as seguintes funcións:

- 1) A interpretación do convenio.*
- 2) A proposta de addendas ou modificacións ó mesmo.*
- 3) Formular as convocatorias correspondentes a cada curso académico para a realización do Practicum de acordo cos criterios fixados polos responsables universitarios.*
- 4) Establecer os criterios de seguimento e avaliación dos programas do Practicum.*
- 5) Determinar as dependencias onde se realizarán as actividades do Practicum.*
- 6) A intervención previa á resolución por incumprimento, a coordinación de funcións e calquera outra relacionada co bo funcionamento deste convenio.*

DECIMA.-- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e a vixencia será acorde coa duración dos cursos académicos, podendo acordarse a renovación do mesmo por períodos sucesivos por acordo expreso dos asinantes.

DECIMOPRIMEIRA.- As partes poderán modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá, a súa vez, denunciar o presente acordo comunicando por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data no que vai dalo por rematado. En ámbolos dous casos deberán rematarse as tarefas que estean realizándose.

DECIMO SEGUNDA.- O presente acordo ten natureza administrativa: As dúbidas na súa interpretación serán resoltas pola comisión paritaria así como as discrepancias que poidan xurdir na súa execución. Das cuestións litixiosas coñecerá a xurisdicción contencioso-administrativa dado o carácter público da USC.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data arriba indicados

26(50).- SENTENCIA DO TXSG NO REC. SUPPLICACIÓN Nº 3422-00 INTERPOSTO POR D. ASTERIO GARCÍA JIMÉNEZ CONTRA SENTENCIA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1, SOBRE RECLAMACIÓN DE ABOAMENTO DE SEGURO. EXPTE. 14545/220.

Dáse conta da sentenza de data 22.01.03, dictada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación nº 3422-00 interposto por D. Asterio García Jiménez contra a sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, desestimatoria de demanda interposta contra Caja de Seguros Reunidos, Compañís de Seguros y Reaseguros S.A. (CASER) en reclamación de aboamente de seguro con motivo de pase á situación de invalidez permanente absoluta, desestimando a excepción de incompetencia de xurisdicción alegada por CASER e desestimando así mesmo a demanda interposta polo Sr. García Jiménez, interpoñendo este último recurso de suplicación.

A Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, falla o seguinte no rec. de suplicación:

“Que desestimando o recurso de suplicación interposto por D. Asterio García Jiménez contra a sentenza de instancia dictada polo Xulgado do Social núm. 1 dos de Vigo, de data 10 de maio de 2000, en autos núm. 728/99, debemos confirmar e confirmamos dita resolución”.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

27(51).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 7.01.04, SOBRE GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE

**XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS –
DECEMBRO 2003-. EXPTE. 14539/220.**

Dáse conta da resolución de Alcaldía de data 7.01.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

DECRETO :

A instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o presente exercicio, establece que aboarse con cargo a gratificacións, o persoal do servizo de Extinción de Incendios, como compensación das horas en exceso realizadas durante o ano, e sen prexuízo da parte que se lle incluíu no complemento específico, percibirá as seguintes cantidades mensuais:

Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....	237'58 €
Cabo.....	251'58 €
Sarxento Xefe de Turno.....	287'16 €
Sarxento Xefe de Parque.....	309'98 €
Suboficial.....	315'48 €

As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2002, o incremento 2% do IPC.

Con data 7 de xaneiro de 2004, o Servizo de Extinción de Incendios, remite relación do persoal do servizo de Extinción Incendios e Salvamento sobre o abono de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de DECEMBRO do presente ano por exceso de xornada, que comeza por Abalde Fernández, Carlos e remata en Villaverde Veleiro, José B.

Por isto, e dado que o abono destas gratificacións por servizos especiais e extraordinarios deben aboarse na nómina do presente mes de xaneiro, no uso das facultades que me confire a vixente lexislación de réxime local.

RESOLVO :

“Primeiro.- Procedo por razóns de urxencia a avocación das competencias delegadas na Xunta de Goberno Local na materia obxecto desta resolución, co obxecto de proceder regularmente ó pago mensual das retribucións dos empregados públicos que se relacionan no expediente, dando conta a Xunta de Goberno Local ó obxecto de seu coñecemento, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 13.6 e 14 da Lei 30/92 de 26 de novembro.

Segundo.- Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de DECEMBRO de 2003 prestados polo persoal do servizo de Extinción de Incendios, aboarse os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por Don Carlos Abalde Fernández e remata por Don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, e que ascenden a un total de 28.632'33 €, (VINTE OITO MIL SEISCENTAS TRINTA E DOUS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS).

A Xunta de Goberno queda enterada.

28(52).- RECTIFICACIÓN ACORDO COMISIÓN DE GOBERNO DE DATA 1.12.03, DE GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE ÓS MESES DE XUÑO E OUTUBRO 2003. EXPTE. 14424/220.

Antecedentes

A proposta do Xefe da Unidade de Persoal de data 26.11.03 adoptouse acordo na sesión da Comisión de Goberno de data 1 de decembro de 2003, de gratificación por servizos especiais e extraordinarios do persoal municipal correspondentes ós meses de xuño e outubro de 2003.

Detectado un erro de transcripción na proposta desa Unidade, que se traduciu no propio acordo, o xefe da Unidade de Persoal, con data 15.01.03 emite informe facendo constar que “deberá procederse a súa rectificación suprimindo no mesmo os parágrafos que de seguido se transcriben, de conformidade co disposto no artº 105 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

- Relacións Públicas, relacións que se achegan e que comezan por don Jesús Castro Naveiras e rematan por dona Loreto Romero Gil Delgado, por un total de 44’00 horas.
- Tráfico, Seguridade e Transporte, relacións que se achegan de don José Ramón Alonso González, por un total de 91’00 horas.”

Acordo

A Xunta de Goberno, á vista do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, acorda:

Rectifica-lo acordo adoptado pola Comisión de Goberno en sesión do 1.12.03, no punto nº 23.- Gratificación por servizos especiais e extraordinarios do persoal municipal correspondente ós meses de xuño e outubro de 2003 (Expte. 14424/220) suprimindo os dous parágrafos que constan na parte expositiva deste acordo, quedando redactado do seguinte xeito:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de XUÑO e OUTUBRO-2003, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- *Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Francisco J. Abreu Torres e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 1.078’00 horas.*
- *Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don Fernando Araujo Conde e remata por don José Luis Vidal Álvarez, por un total e 404’00 horas.*

- *Policia Local, relacións que se achegan no expediente e que comeza por don José Luis Alonso Moreira e rematan por don Adamo Zolla Vallero Tonda, por un total de 3.786'75 horas.*
- *Parque Móbil, relacións que se achegan no expediente e que comencan por don Amador Alvarez Bernardez e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 566'00 horas.*
- *Conserxería, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Francisco Martínez Muñoz e rematan por don José Angel Fernández Alonso, por un total de 89'45.*
- *Xerencia Parque Central (Vias e Obras), relación que se achega no expediente e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e rematan por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 146'00 horas.*
- *Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e rematan por don Cesáreo Rocha Parames, por un total de 87'00 horas.*
- *Inspección Vias e Obras, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don José Eugenio Matilde Viñas e remata por don Ricardo Lobato Cameselle, por un total de 246'00 horas.*
- *Administración de Tributos, relación que se achega no expediente de don Juan Sousa Iglesias por un total de 27'30 horas.*
- *Desinfección, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Ricardo González Arzua e rematan por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 310'00 horas.*

**29(53).- MEMORIA ANUAL DO FONDO SOCIAL, CORRESPONDENTE O ANO 2003.
EXPTE. 14558/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a Memoria de gastos correspondente ó ano 2003 emitida pola Comisión do Fondo de Acción Social, e de conformidade co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 19.01.04, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Aproba-la Memoria do Fondo Social correspondente ó ano 2003, por importe total de 300.506,05 €, nas axudas acordadas pola Comisión xestora, e que son as seguintes:

- Axudas socio-sanitarias:	164.031,00 €
- Axudas de estudos:	76.371,00 €
- Axudas especiais:	<u>5.237,00 €</u>
TOTAL GASTADO:	245.639,00 €
- Restan:	54.867,05 €
<u>TOTAL:</u>	<u>300.506,05 €</u>

30(54).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS PERSOAL CEMITERIOS DECEMBRO 2003, POR EXCESO DE XORNADA ANUAL. EXPTE. 14550/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 20.01.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 19.01.04, conformado polo xefe de área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servicios especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servicio Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de DECEMBRO-2003, e que ascenden a un total de 575 € (CINCOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

31(55).- COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO 2003. EXPTE. 14551/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 20.01.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 19.01.04, conformado polo xefe de área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados como palista no Parque Móbil, aboaráselle ó persoal que figura na relación adxunta no expediente e que comeza por Don Antonio Amoedo García e remata por Don Florentino Prieto Domínguez e que ascenden a un total de 48'24 € (COARENTA E OITO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS), correspondente o mes de decembro de 2004 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

32(56).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS GRAN GALA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO “DÍA CONSTITUCIÓN” E “NOMEAMENTO NOVA ALCALDESA”.EXPTE. 14552/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 20.01.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 19.01.04, conformado polo xefe de área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do “Día da Constitución e o Nomeamento da nova Alcaldesa”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Julio Casal Piñeiro e rematan por don Carlos Pérez Vázquez, as cantidades que figuran para cada un deles e que ascenden a un total de 419'92 € (CATROCENTAS DEZANOVE EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS).

33(57).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVICIO DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO 2003. EXPTE. 14553/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 20.01.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 19.01.04, conformado polo xefe de área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achegan no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de DECEMBRO-2003 e que ascenden a un total 550'02 € (CINCOCENTOS CINCOENTA EUROS, CON DOUS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

34(58).- COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DESINFECCIÓN POR CONDUCIR VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL, NON SENDO OFICIAIS CONDUCTORES, 4º TRIMESTRE 2003. EXPTE. 14554/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 20.01.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 19.01.04, conformado polo xefe de área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Servicio de Desinfección por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, aboarase ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por don Manuel Antonio Pereiro Alonso e que

ascenden a un total de 369 € (TRESCENTOS SESENTA E NOVE EUROS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondente o 4º trimestre de 2003 (outubro, novembro e decembro).

35(59).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULOS SEN SER OFICIAIS, 4º TRIMESTRE 2003. EXPTE. 14555/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 20.01.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 19.01.04, conformado polo xefe de área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo sarxento do Servicio de Extinción de Incendios, don J. Manuel García González (nº persoal 10808) e polo administrativo, Don José Manuel González Ucha (nº persoal 17101), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 264 € (DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS), correspondentes ó 3º trimestre de 2003 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

36(60).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE PERSOAL MUNICIPAL DECEMBRO 2003. EXPTE. 14559/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 20.01.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 19.01.04, conformado polo xefe de área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan [por don Jesús Alfonso Sanmartín do servicio de Cemiterios](#) e rematan [por don Sergio Manuel Rey Vázquez do IMD](#), os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 74.273'94 € (SETENTA E CATRO MIL DUASCENTAS SETENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de DECEMBRO de 2003.

37(61).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTA A CONVOCATORIA PARA PROVISIÓN, POLO PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN, DUN POSTO VACANTE DE XEFE DA UNIDADE DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 12783/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Réxime Interior, do 20.01.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Examinadas as actuacións do expediente da convocatoria para provisión, polo procedemento de libre designación, dun posto vacante de xefe da unidade de contratación, o funcionario que subscribe informa e propón o seguinte:

Que segundo anuncio publicado no DOG, por sela derradeira publicación, o día 22 de novembro de 2003, consta:

“1. Titulación esixida: licenciado en dereito.

2. Formación específica: na apreciación dos méritos, terase en especial consideración a debida acreditación de coñecementos relacionados directamente coa contratación administrativa, así como o desempeño de postos de responsabilidade na Administración pública, prioritariamente aqueles que estean relacionados con esta materia.

3. Requisitos indispensables esixidos:

- Ser funcionario de carreira encadrado no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, con praza en propiedade no grupo de titulación esixido (A) e dentro das escalas de Administración xeral ou Administración especial.*
- Acreditar ter consolidado o nivel 26 de complemento de destino á data de presentación da instancia.”*

Durante o prazo regulamentario, segundo certificación do Rexistro Xeral, presentáronse as seguintes solicitudes, optando ó posto de traballo de Xefe da unidade de contratación:

- D. Román Otero Ferreiro*
- D. Alfonso Rodríguez Gallego*

De seguido analízase o contido de cada unha das solicitudes dos aspirantes:

1º.- D. Román Otero Ferreiro. Acredita a súa condición de técnico de administración xeral –grupo A-, dende o 2 de febreiro de 1998, data na que tomou posesión no concello de Santiago de Compostela.

Que segundo consta na certificación que achega o interesado, no que respecta ó obxecto do expediente, con data 25 de xuño de 1999, tomou posesión do posto de xefe da sección de contratación (grupo A, nivel 24).

2º.- D. Alfonso Rodríguez Gallego. Presenta a solicitude dentro do prazo regulamentario e achega como documentación, diferenciando de:

- Datos académicos.*
- Experiencia profesional.*
- Datos de funcionario de carreira.*
- Cursos, seminarios e xornadas.*

- Informática.
- Becas e axudas.
- Outros méritos.
- Idiomas.

Conforme ás bases aprobadas pola Comisión Municipal de Goberno en data 8 de setembro de 2003, establecendo os criterios para a contratación de libre designación, á vista das solicitudes e correspondentes documentos achegados ás mesmas, cumpre informar:

Primeiro.- Que D. Román Otero Ferreiro acredita ser funcionario do grupo A, co nivel de complemento de destino 24, o que non se axusta ó previsto nas bases que rexen esta convocatoria, sen que conste que conte con formación específica en materia de coñecementos relacionados coa contratación administrativa, na que teña desempeñado postos na administración pública, prioritariamente aqueles que estean relacionados con esta materia (contratación administrativa).

Segundo.- Que D. Alfonso Rodríguez Gallego acredita dispoñer da licenciatura en dereito, (titulación esixida no apartado 1 das bases), reunir os requisitos indispensables do apartado 3 do citado acordo da Comisión Municipal de Goberno e en relación co apartado 2 do mesmo, referente á formación específica, acredita unicamente a efectos de valoración, ter participado nun curso de contrados das administracións públicas en xestión medioambiental, cunha duración de 26 horas lectivas (o que acredita con certificado de asistencia). No resto da documentación aportada non é de apreciar valoración algunha, por non ter relación directa o seu contido coa contratación administrativa.

En razón ó exposto, conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, en conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

Declarar deserta a convocatoria ofertada para proveer, polo sistema de libre designación, o posto de traballo vacante de xefe da unidade de contratación do Concello de Vigo, segundo acordo adoptado pola Comisión Municipal de Goberno en sesión de 8 de setembro de 2003 e publicada no BOP de 17 de outubro do mesmo ano e no DOG de data 5 de novembro seguinte, polos motivos que se indican:

- D. Román Otero Ferreiro por non acreditar ter consolidado o nivel de complemento de destino 26 na data de presentación da solicitude e tampouco por non contar con coñecementos relacionados directamente coa contratación administrativa, así como o desempeño de postos de responsabilidade na administración pública, prioritariamente aqueles que estean relacionados con esta materia, segundo o establecido no núm. 2 do anexo I (Formación específica), das bases que rexeron esta convocatoria.
- A solicitude de D. Alfonso Rodríguez Gallego, por non dispoñer de formación específica, xa que logo do curriculum que achega e documentación anexa ó mesmo, unicamente dispón de 26 horas lectivas dun curso sobre contratos das administracións públicas en xestión

medioambiental. Tampouco se aprecia ter desempeñado postos de responsabilidade na administración pública, prioritariamente que estean relacionados coa contratación administrativa.

38(62).- APLICACIÓN RECARGO FESTIVIDADE ÁS GRATIFICACIÓNS POR SERVICIOS EXTRAORDINARIOS DA POLICÍA LOCAL POR ASISTENCIAS Ó XULGADO E ORGANISMOS OFICIAIS DURANTE OS ANOS 1999, 2000, 2001, 2002 E 1º CUATRIMESTRE 2003. EXPTE. 14522/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable AD que consta no expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 10.12.03, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con datas de entrada no Rexistro Xeral de 5 de abril de 2002 e 18 de febreiro de 2002, as seccións sindicais deste Concello UGT e CIG, respectivamente, solicitan se proceda ó aboamento do recargo de festividade ó persoal da Policía local en relación coas horas de reforzo, prolongación de xornada e asistencias ó xulgado que oportunamente xa foron aboadas con cargo á partida de gratificacións por servicios extraordinarios pero sen lles seren aplicadas dito recargo.

As anteditas peticións teñen como fundamento a Sentencia firme do xulgado do contencioso administrativo nº. 1 de Vigo de 15 de xaneiro de 2002, onde se reconece o tratamento de hora festiva non só ós ás horas traballadas en sábados, domingos ou festivos, senón tamén aqueles excesos de xornadas que coincidan, nos traballos a quendas, co descanso semanal do funcionario.

Con data 19 de novembro de 2003, o Xefe da Policía Local confecciona unha relación do persoal do seu servicio , indicando as diferencias retributivas que, no seu favor, deberían térselle aboadas como consecuencia de aplica-lo recargo de festividade ás gratificacións extraordinarias percibidas por ese persoal durante os anos 1999, 2000, 2001 e 2002 e primeiro cuatrimestre 2003, polas horas realizadas como prolongación de xornada por asistencias a xulgados e organismos oficias e que non foron conceptuadas no seu día como horas festivas.

Fundamentos legais.

Consonte á Disposición transitoria 6ª, regra 3ª do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais do persoal funcionario do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998, as horas en exceso sobre a xornada normal de traballo que non fose posible compensar con descansos, aboaránse como gratificación por servicios extraordinarios . O seu importe incrementarase cos recargos que procedan por nocturnidade e festividade.

Segundo o disposto no artigo 10 do referido Acordo, nos traballos a quendas, considerarase festiva a xornada desenvolta en día de descanso segundo cuadrante do servicio.

Por Sentencia do Xulgado do Contencioso Administrativo nº. 1 de Vigo de 15 de xaneiro de 2002 (procedemento abreviado 5/2001), estimouse parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto polo funcionario adscrito ó Servicio de extinción de incendios Sr. D. Manuel Villar Domínguez, declarando o dereito do recorrente a percibir o recargo por festividade do artigo 10 do acordo regulador, polo traballo realizado en sábados, domingos, festivos e días en que corresponda ó seu descanso semanal, nas mesmas condicións que o resto dos funcionarios do Concello.

Os importes confeccionados polo Servicio da Policía Local respontan ás diferencias retributivas resultantes de aplica-lo recargo de festividade ás gratificacións por servicios extraordinarios que no seu día foron aboadas polas asistencias ó xulgado e organismos oficiais durante os anos 1999, 2000, 2001, 2002 e primeiro cuatrimestre de 2003 (a partires do mes de maio de 2003, a situación retributiva atópase xa regularizada, ó contificarse nas gratificacións extraordinarias dito recargo), habida conta que o aboamento destas gratificacións practicouse no seu día segundo ó mesmo importe que o desconto proporcional de retribucións (D.Transitoria sexta , parágrafo 3 do Acordo Regulador), pero sen incluír, repetimos, o recargo de festividade no seu cómputo.

O Artigo 13 do Acordo regulador vixente, neste senso, conceptúa expresamente como servicios extraordinarios suceptibles de compensación con descansos ou, noutro caso, coa correspondente compensación económica, os derivados do cumprimento dun deber inexcusable de carácter público do empregado ante calquera organismo oficial derivado das funcións do seu cargo, precepto regulamentario que motivou no seu día a asignación das correspondentes gratificacións .

Por todo o exposto, entendemos procedente someter a consideración da Comisión municipal de Goberno a seguinte

PROPOSTA:

Recoñecer e aboar ó persoal do servicio da policía local que se relaciona no listado adxunto, confeccionado pola Xefatura do servicio con data 19 de novembro de 2003, e con cargo á partida de gratificacións por servicios extraordinarios, as cantidades que se consignan nesa relación en concepto de atrasos, referidas ó recargo de festividade polas horas que no seu día foron aboadas por asistencias ós xulgados e organismos oficiais durante os días de descanso, referidos os anos 1999, 2000, 2001, 2002 e primeiro cuatrimestre de 2003, segundo os seguintes importes globais que se detallan na referida relación : Ano 1999 ; 29.052,00 euros, Ano 2000 ; 44.896,00 euros, Ano 2001; 48.560,40 euros , Ano 2002 ; 53.587,20 euros e Ano 2003 (xaneiro, febreiro, marzo e abril) ; 20.756,40 euros.

Por razóns de índole presupostaria, e para o suposto de insuficiencia de créditos con cargo á partida de gratificacións por servicios extraordinarios, a execución do presente Acordo practicarase con cargo ás normas reguladoras da vinculación de créditos entre as partidas do capítulo I.

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

39(63).- PRODUCTIVIDADE POR DIFERENCIA DE FUNCIÓN DO SUBOFICIAL DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, D. GUILLERMO DOMÍNGUEZ LÓPEZ, MESES SETEMBRO, OUTUBRO E NOVEMBRO 2003. EXPTE. 14543/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 21.01.04, conformado pola interventora xeral dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 08.09.03, que di o seguinte

Antecedentes:

Con motivo da aprobación conxunta do presuposto e relación de postos do ano 2001, o posto de traballo de suboficial do Servicio de Extinción de incendios ó que estaba adscrito ó suboficial Sr. D. Guillermo Domínguez López, pasou a denominarse Subxefe do servicio de extinción de incendios, co obxecto de adecualo ás funcións realmente desempeñadas por dito funcionario.

Nembargantes, con motivo da aprobación da Relación de postos de 2002, aprobada por acordo plenario de 25 de marzo daquel mesmo ano, o posto de Subxefe do servicio de extinción de incendios recobrou a súa denominación anterior de “ Suboficial “, ó entender a Corporación a conveniencia de crear nese orzamento unha nova praza de oficial, con posto de igual denominación, á que se lle reservaría ás máximas responsabilidades e cometidos xerárquicos despois da propia Xefatura de servicio.

A pesares desta circunstancia, o Suboficial Sr. Domínguez López seguiu desenvolvendo na práctica, dun xeito público e notorio, as funcións de maior responsabilidade xerárquica nun plano inmediatamente inferior á Xefatura de servicio, habida conta que o posto de oficial atopouse vacante ata a súa recente cubrición no mes de decembro de 2003, momento en que se executou a oferta de emprego de 2002, habendo obtido a praza en propiedade o referido Suboficial, trala superación do pertinente proceso de selección por promoción interna.

Nesta orde de antecedentes, con data 23 de maio de 2002, a Xefatura do Servicio de Extinción de Incendios elaborou un informe conformado polo Concelleiro delegado da súa Area, propoñendo a acumulación formal de funcións de superior categoría a favor do Suboficial do servicio de extinción de incendios, Sr. D. Guillermo Domínguez López, co obxecto de que éste último puidese seguir asumindo os cometidos e tarefas inherentes ó posto vacante de Oficial, en tanto este non se cubrixe regulamentariamente, propoñendo ó referido funcionario como perceptor dunha produtividade, en recompensa á dedicación extraordinaria derivada da diferenza de funcións .

Con data 24 de maio de 2002, a Alcaldía Presidencia resolveu consonte á anterior proposta, autorizando en favor do funcionario Sr. Domínguez López a devandita acumulación de funcións, así coma a conseguinte asignación dunha produtividade máxima anual polo importe de doce mensualidades do Complemento de Destino do posto de traballo acumulado, con devengo cuatrimestral, e que deberá ser autorizada pola Xunta local de Goberno previo informe favorable de rendemento por parte da Xefatura do Servicio .

Con data 4 de decembro de 2003, O Xefe do Servicio de Extinción de incendios emite informe solicitando o aboamento dunha produtividade a favor do suboficial Sr. D. Guillermo Domínguez López, referida ó rendemento e dedicación amosado por éste durante os meses de setembro, outubro e novembro de 2003.

Cúmpre significar que, con este último período de devengo, remata xa a encomenda de funcións xeneradora da produtividade a favor do Sr. Domínguez López, ó condicioarse a temporalidade deste complemento retributivo ata a cubrición definitiva da praza de Oficial do Servicio polo conducto regulamentario, feito éste que xa se consumou co nomeamento en propiedade do aspirante proposto polo Tribunal de Selección, que resultou ser precisamente o Sr. Domínguez López.

Fundamentos de dereito :

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen nengún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e á Xunta local de Goberno a distribución de ditas contías entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento , con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno , sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Segundo o disposto nas vixentes Instrucións de Plantilla aprobadas polo Pleno do Concello, serán aboadas con cargo ó complemento de produtividade, en todo caso, a actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía, por importe equivalente ó do complemento de destino do posto acumulado.

Consonte ás retribucións aprobadas polo Pleno deste Concello para o posto de Oficial do Servicio de Extinción de incendios no ano 2003, o importe do Complemento de destino quedou establecido en 650, 63 Euros mensuais (nivel 26).

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, computarase como días traballados os días de permisos e licencias se a produtividade conta cunha periodicidade e non se autorice día a día, como é o caso, xa que se estableceu un devengo cuatrimestral, en tanto non se cubrise o posto de oficial, polo que non procede efectuar descontos .

Vistos os feitos precedentes, informes da xefatura do servicio de extinción de incendios e normas legais de anterior invocación, constátase a concorrencia dos presupostos necesarios para someter ó órgano resolutor o eventual outorgamento deste complemento retributivo, ben entendido que dita concesión ten carácter eminentemente discrecional.

Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta Local de Goberno, previo informe da intervención xeral, a seguinte proposta:

Recoñecer e aboar ó funcionario Sr. D. Guillermo Domínguez Lopez, a cantidade de 1951,9 euros en concepto de produtividade polo especial rendemento e dedicación extraordinaria amosada durante os meses de setembro, outubro e novembro de 2003 no desenvolvemento ordinario das funcións do posto de traballo de

Suboficial que realizou acumulativamente coas propias do posto de Oficial do servicio, de superior categoría, segundo o informe precedente emitido pola Xefatura de Unidade de persoal de 8 de xaneiro de 2004, que se transcribe como parte integrante deste acordo “.

Dése traslado da presente resolución ó interesado, ó Comité de persoal, e máis á Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por prazo de quince días.

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

40(64).- PRODUCTIVIDADE POR DIFERENCIA DE FUNCIÓN DE D. JUAN A. BARREIRO VILA, DO SERVICIO DE INFORMÁTICA. EXPTE. 14544/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 20.01.04, conformado pola interventora xeral dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 09.01.04, que di o seguinte

Antecedentes.

Con data de entrada no Rexistro xeral do Concello de 12 de novembro de 2003, o traballador D. Juan A. Barreiro Vila, oficial de mercados destinado no servicio de informática, solicita se lle abonen as diferencias retributivas existentes entre os complementos de destino e específico asignados ó seu posto de traballo - oficial de servicios internos , CD 15 e CE 53 - e os correspondentes a un posto de operador de informática - CD,17 e CE 41 -, referidas ó período comprendido entre o 1 de xullo de 2003 é o 30 de setembro de 2003.

A petición plantexada, de ser estimada, supoñería o recoñecemento dunha diferenza retributiva a favor do traballador de 315, 85 euros referentes ó período comprendido entre os meses de xullo a setembro – inclusives – de 2003 (146,41 euros de diferenza no CD e 169,44 euros de diferenza retributiva no CE).

Fundamentos legais .

Polo que respecta ós fundamentos legais que xustifican a pretensión do traballador, cumpre salientar que esta cuestión xa foi dilucidada por Sentencia do xulgado do social nº.1 de Vigo de 8 de maio de 2000, incorporada ó expediente, na que se lle recoñecía ó traballador o dereito ás diferencias retributivas existentes entre ámbolos dous postos, con fundamento no artigo 39.4 do E.T, e mentres realice as mesmas funcións que as dun operador de informática.

A pretensión instada polo traballador encontraría igualmente acollida no concepto de productividade, ó presumirse un rendemento e dedicación especial no desempeño do posto, ó desenvolver funcións e cometidos que a meritada sentencia considera como alleos ó posto do traballador.

Por todo o exposto, e previa fiscalización e consignación do gasto pola Intervención xeral, someteríase á Xunta local de Goberno a seguinte proposta

“ Recoñecer e aboar ó traballador D. Juan A. Barreiro Vila, con cargo á partida de produtividade, a a cantidade de 315,85 Euros , polas diferencias retributivas existentes entre os complementos específico e de destino asignados ó seu posto de traballo e os asignados ó posto de operador de informática, correspondentes ó período comprendido entre o 1 de xullo de 2003 ó 30 de setembro de 2003. “.

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

41(65).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DE PROVIDENCIAS DE CONSTRINXIMENTO SOBRE LIQUIDACIÓNS DE TAXAS POR ENGANCHE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA. EXPTE. 1590/700.

Dáse conta do informe emitido polo tesoureiro municipal con data 14.01.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Téndose recibido neste Departamento de Tesourería, Recadación Executiva, con data 21/05/2003, escrito polo que a empresa concesionaria do Servizo de Augas (UTE SERAGUA-FCC) solicita a anulación de determinadas liquidacións de TAXAS POR ENGANCHE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA; das que foi acordado o seu cobro pola vía de constrinximento en Comisión de Goberno do 21 de xaneiro de 2002; dictada no seu día, polo Sr. Tesoureiro Municipal a providencia de constrinximento.

Baseada na solicitude presentada e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, (Lei 7/1985 de 2 de abril) Reguladora de bases de réxime local e Lei 39/1988 do 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, o Sr. Tesoureiro acordou en data 18/12/2003 a anulación da providencia de constrinximento dictada no seu día sobre as liquidacións que se sinalan a continuación, así como a anulación deste acto e declaración de anulación ós interesados en virtude do escrito presentado en data 21/05/2003 pola concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS

<i>Nº RECIBO</i>	<i>NOME</i>	<i>IMPORTE PRINCIPAL</i>
28900290	FERNANDO GÓMEZ ALONSO	1220,05 €
28900327	JOSÉ CASABELLA PÉREZ	1220,05 €

Dáse conta destas actuacións a Xunta Local de Goberno.

A Xunta de Goberno queda enterada.

43(66).- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE PERMUTA PARA A ADQUISICIÓN DE PARCELAS DOTACIONAIS NA RÚA MUÍÑOS A CAMBIO DE APROVEITAMENTOS MUNICIPAIS. EXPTE. 4409/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta emitido polo técnico de Admón. Xeral do servizo de Planeamento e Xestión, do 12.01.04, que di o seguinte:

“O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 6 de marzo de 2003, acordou aprobar, nos termos e coas condicións establecidas na parte expositiva do propio acordo, o convenio para a transmisión a esta Administración municipal das dúas parcelas, sitas na rúa Muiños, propiedade da mercantil "Splendor, S.L.", que se describen na citada parte expositiva, polos aproveitamentos urbanísticos de titularidade municipal, que, igualmente, se individualizan na mesma parte expositiva; os cales se transmitiron ás mercantís "Grupo Espavene, S.L." e "Inversiones Playamar, S.L.", para o tapado de paredes cegas colindantes cos inmobles números 80 da rúa Travesía de Vigo -361,20 m²- e 75 da rúa López Mora -44,84 m²-, coa obriga do Concello de compensar no futuro a "Splendor, S.L.", ou a quen esta designe, cos aproveitamentos urbanísticos equivalentes, en polígonos excedentarios de aproveitamento real ou parcelas en situación análoga, por colindancia con paredes cegas, ás que se refire ó presente convenio, pola diferenza de valor, ó seu favor, entre o das parcelas de cesión e o da edificabilidade que se transmite, que ascende a cantidade de 16.549,4 €.

Acordouse, igualmente, facultar ó alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo para realiza-los actos precisos á formalización deste convenio.

Solicitada con data 21 de maio de 2003, por "Grupo Espavene, S.L.", a fin procede-lo tapado das devanditas paredes cegas colindantes, licencia de obras para a ampliación en tres plantas do proxecto de edificación do inmoble sinalado co número 80 da rúa Travesía de Vigo, que obtivo licencia de construción por resolución do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 21 de maio de 1999, polo arquitecto técnico municipal, con data 1 de setembro de 2003, emitíuse o informe que segue:

"Con fecha 24/09/1.999 se presenta proyecto de ampliación en tres plantas altas para el tapado de medianeras de una edificación que obtuvo licencia con número de expte. 31975/421, por resolución del presidente de la Gerencia municipal de Urbanismo de fecha 21/05/1999, para la construcción de un edificio compuesto de planta sótano con trasteros, planta baja a fines comerciales, seis plantas altas y aprovechamiento bajo cubierta para un total de 14 viviendas, con una superficie total construida de 1.492,24 m².

La solicitud presentada fue desestimada por acuerdo del Consello de la Gerencia de Urbanismo de fecha 24 de agosto de 2.000, ya que, entre otras razones, "en este momento, la Gerencia Municipal de Urbanismo no disponía de edificabilidad pendiente de ubicar en otros ámbitos urbanísticos transferible a particulares para el tapado de medianera".

Con fecha 6 de marzo de 2003, el Consello de la Gerencia Municipal de Urbanismo acuerda la firma de un convenio para la adquisición de parcelas dotacionales en la calle Muiños a cambio de aprovechamientos municipales, adquiriendo la entidad solicitante 361,21 m² para el tapado de medianeras colindantes con el inmueble número 80 de la Travesía de Vigo, solicitando el Grupo Espavene S.L. con fecha 21 de mayo de 2003 la concesión de la licencia anteriormente denegada.

Comprobados los datos obrantes en el expediente, el técnico que suscribe emite el siguiente informe:

En el informe de la Oficina de Técnica de Licencias de fecha 25/01/1999 que sirvió de base para la concesión de la licencia de construcción del edificio inicial (Expd.:31.975 /421), se hace constar que la superficie total construida de la edificación solicitada es de 1.492,24 m², siendo la superficie total sobre rasante de 1.328,44 m². Dicha superficie no coincide con la superficie construida reflejada en el proyecto técnico presentado, siendo la superficie total construida reflejada en este documento de 1.372,80 m² (sobre rasante: 1.209,00 m²). De ello se deriva la existencia de un error numérico en la concesión de la licencia que deberá ser subsanado, ya que la superficie construida solicitada no coincide con la superficie otorgada en la mencionada licencia.

A partir de este dato se redactan, por parte de la oficina de planeamiento, informes técnicos de fechas 25/02/2000, 12/04/2000 y 3/08/2000 en los que se refleja que el aumento de edificabilidad que supone el tapado de las medianeras colindantes supone un incremento de 361,21 m² respecto de la licencia ya otorgada, cuando en realidad, el aumento de tres plantas más supone un incremento de 440,85 m² (146,95 m² x 3 plantas), como se hace constar en el informe de esta Oficina Técnica de fecha 16/02/2000, así como en el proyecto técnico presentado como proyecto básico de adición de pisos (visado el 17/8/1999).

Conclusión: De todo ello se deduce que la licencia otorgada con número de expd.:31.975 / 421 debe ser corregida, modificando la superficie total construida, que pasa a ser 1.372,80 m² (sobre rasante: 1.209,00 m²), no los 1.492,24 m² otorgados en la licencia. Además, para poder otorgar la licencia de ampliación de tres plantas más solicitada en virtud del convenio suscrito, deberían adquirirse los 79,64 m² de diferencia existentes entre los 440,85 m² que supone la ampliación y los 361,21 m² adquiridos.

Con la ampliación solicitada, la superficie total construida sería de 1.771,65 m², que se desglosa en:

- P. Sótano:	163,80 m ²
- P. Baja:	163,80 m ²
- P. 1ª a 9ª: 146,95 m ² x9=	1.322,55 m ²
- P. Bajo cubierta	121,50 m ²

La diferencia entre la superficie reflejada en la licencia inicial y la superficie total con la ampliación solicitada es de 279,41 m²."

Dado traslado do anterior informe á solicitante da licencia "Grupo Espavene, S.L.", por esta, con data 25 de novembro de 2003, presentouse o escrito de alegacións que obra no expediente no que manifesta a súa disconformidade coa medición realizada polo arquitecto técnico municipal no informe técnico transcrito e a súa disposición, non obstante, a aceptala e a adquirir os maiores aproveitamentos necesarios para o tapado das paredes cegas con cargo ó crédito que ostenta fronte a esta Administración municipal polo maior valor das parcelas da súa propiedade cedidas en permuta a cambio dos aproveitamentos municipais adquiridos.

O arquitecto técnico municipal, en informe complementario de 12 de xaneiro de 2004, afirma que "O proxecto presentado como ampliación de edificación para o tapado das medianeiras colindantes cumpre coas determinacións técnicas do acordo da Comisión de goberno de data 24 de xuño de 1994, estando no caso C dos supostos que dito acordo establece."

Remitidas as anteriores actuacións a esta oficina de Planeamento e Xestión municipal para informe, procede emitir este no sentido de que tendo por obxecto a permuta de referencia a adquisición dos aproveitamentos municipais precisos para o tapado de medianeiras e sendo estes, polo que o inmovible sinalado co número 80 da rúa Travesía de Vigo se refire, de 440,85 m² e non os 361,21 m², consignados no acordo de 6 de marzo de 2003, debe rectificarse o dito acordo de permuta, de conformidade co artigo 105. 2 LRXPA e o consentimento dos interesados, no sentido de que os aproveitamentos urbanísticos a transmitir á entidade "Grupo Espavene, S.L." serán os 440,85 m², determinados no informe técnico de 1 de setembro de 2003, e que a adquisición da diferencia entre a cifra real dos aproveitamentos para o tapado de medianerías e a consignada no acordo de 6 de marzo de 2003 -79,64 m²-, cun valor de 19.213,9 € (79,64 m² x 241,26 €/m²), farase con cargo ó exceso de valor das parcelas da rúa Muiños, adquiridas polo Concello de Vigo, sobre o asignado inicialmente ó conxunto dos aproveitamentos urbanísticos transmitidos á dita mercantil -1549,4 €-, de tal xeito que esta Administración municipal quedará non só liberada da obriga de compensación futura pola dita diferencia de valor de 16.549,4 €, consignada no acordo que se modifica, senón, tamén, acreedora de "Grupo Espavene, S.L." por importe de 2.664,5 € (19.213,9 € - 16.549,4 €).

Por outra parte, advertido polo arquitecto técnico municipal o erro padecido na determinación da superficie a construír na resolución de concesión de licenzia de obra á entidade "Grupo Espavene, S.L.", con data 21 de maio de 1999 (Expte. núm. 31.975/421), para a construción dun edificio no inmovible sinalado co número 80 da rúa Travesía de Vigo, que é de 1.372,80 m² e non de 1.492,24 m² que figuran na dita resolución, procede, de acordo, tamén, co artigo 105. 2 LRXPA, a súa rectificación, nos termos que se conteñen na parte dispositiva do acordo.

É competente para acorda-la rectificación do convenio de permuta a Xunta de Goberno Local (artigo 127. f) LMMGL) e para acorda-la rectificación da resolución de concesión da licenzia recaída no expediente 31.975/421, o concelleiro-delegado de Urbanismo, consonte o acordo de delegación neste da atribución da Xunta de Goberno Local (artigo 121. 1. e) LMMGL) de outorgamento de licenzias de natureza urbanística.

Polo exposto, á vista das precedentes consideracións e artigos citados, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Rectifica-lo acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 6 de marzo de 2003, polo que se aprobou o convenio de permuta para a transmisión a esta Administración municipal das dúas parcelas, sitas na rúa Muiños, propiedade da mercantil "Splendor, S.L.", que se describen na parte expositiva do dito acordo de permuta, polos aproveitamentos urbanísticos de titularidade municipal, que, igualmente, se individualizan na mesma parte expositiva; os cales se transmiten ás mercantís "Grupo Espavene, S.L." e "Inversiones Playamar, S.L.", para o tapado de paredes cegas colindantes cos inmovibles números 80 da rúa Travesía de Vigo e 75 da rúa López Mora, coa obriga do Concello de compensar no futuro a "Splendor, S.L.", ou a quen esta designe, cos aproveitamentos urbanísticos equivalentes, en polígonos excedentarios de aproveitamento real ou parcelas en situación análoga, por colindancia con paredes cegas, ás que se refire ó convenio de permuta, pola diferenza de valor, ó seu favor, entre o das parcelas de cesión e o da edificabilidade que se transmite, que ascende a cantidade de 16.549,4 €, no sentido de que o aproveitamento municipal para o tapado das paredes cegas colindantes ó inmovible sinalado co número 80 da rúa Travesía de Vigo é de 440, 85 m² e non de 361, 21 m², tal e como figura no acordo de 6 de marzo de 2003, polo que os aproveitamentos urbanísticos que se transmiten a entidade "Grupo Espavene, S.L." serán os ditos 440, 85 m², determinados no informe técnico de 1 de setembro de 2003; que a adquisición da diferenza entre a cifra real dos aproveitamentos para o tapado de medianerías e a consignada no acordo de 6 de marzo de 2003 -79,64 m²-, cun valor de 19.213,9 € (79,64 m² x 241,26 €/m²), farase con cargo ó exceso de valor das parcelas da rúa Muiños, adquiridas polo Concello de Vigo, sobre o asignado inicialmente o conxunto dos aproveitamentos urbanísticos transmitidos á dita mercantil -16.549,4 €-, de tal xeito que esta Administración municipal quedará non só liberada da obriga de compensación futura pola dita diferenza de valor de 16.549,4 €, consignada no acordo que se modifica, senón, tamén, acreedora de "Grupo Espavene, S.L." por importe de 2.664,5 € (19.213,9 € - 16.549,4 €); cantidade que deberá ingresar na conta do Patrimonio Municipal do Solo para que o convenio produza os seus efectos propios.

Segundo.- Manter firmes os termos do acordo inicial no que non resulte modificado polo presente.

Terceiro.- Comuníquese o acordo á Administración Autonómica, de conformidade co disposto nos artigos 79 do TRRL e 276.1 da Lei 56/1997, do 22 de xullo (LALGA) e notifíquese, en legal forma, ós interesados."

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

44(67).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDOS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO COMERCIAL “CARREFOUR”. EXPTE. 4497/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servicio de Planeamento e Xestión, do 9.01.04, que di o seguinte:

“Antecedentes:

1º.- Con data do 5 de outubro de 1998, o Concello-Pleno de Vigo aprobou o texto do convenio asinado o día 30 de setembro de 1998 polo Iltmo. Sr. alcalde-presidente do Concello de Vigo e os representantes das sociedades “Centros Comerciales Continente, S.A.” e “Centro Shopping, S.A.” -hoxe “Centros Comerciales Carrefour, S.A.”, Carrefour en adiante-, polo cal, en síntese, modificouse o proxecto do centro comercial que fora obxecto da licenza municipal de 2 de decembro de 1994, anulada posteriormente en vía xurisdiccional, reducindo a superficie da sala de vendas (hipermercado) e construíndo unha galería con ofertas de actividades comerciais, de ocio e lúdicas.

Para levar a cabo esta modificación e ampliación do centro comercial inicialmente proxectado, o Concello de Vigo comprometeuse a transmitir á devandita mercantil, tra-la alteración da súa cualificación xurídica, a propiedade dunha parcela municipal de 6.566 m2 de superficie, colindante coa que é propiedade de Carrefour. Do contido deste convenio destaca, ademais, a obriga de Carrefour de executar á súa costa, baixo a dirección e inspección dos técnicos que designe o Concello, ata a cantidade máxima de 350.000.000 Ptas. e tralo outorgamento dos correspondentes permisos e posta a disposición dos terreos necesarios, as actuacións viarias e infraestruturais exteriores á área de implantación definidas gráficamente e con carácter orientativo no plano número 3 anexo e no documento número 3 anexo, respectivamente, así como destinar a uso público un espazo libre urbanizado de aproximadamente 1.500 m2 de superficie.

Contra este acordo municipal interpuxéronse dous recursos contencioso-administrativos: o núm. 6865/98, interposto por D. Eduardo Canabal Sanz, no que aínda non recaíu sentenza e o núm. 4078/99, interposto pola Asociación de Comerciantes do Calvario, declarado inadmisíbel por sentenza de 17 de xullo de 2003.

En execución deste convenio procedeuse á rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, cualificando a parcela municipal referida -núm. 000643- que figuraba no dito inventario de uso público -zona verde-, como patrimonial ó cualificarse no PXOU coa ordenanza 4.6. Aprobada esta rectificación o Pleno do Concello, na mesma sesión de 25 de xaneiro de 1999, acordou realiza-la permuta desta parcela por outras de Carrefour, segundo o previsto no convenio. Contra estes acordos interpúxose, tamén, pola Asociación de Comerciantes do Calvario, recurso contencioso-administrativo -o número 4317/99-, que, acumulado ó recurso antes citado, núm. 4078/99, foi declarado inadmisíbel na mesma sentenza de 17 de xullo de 2003.

2º.- Por resolucións do alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 7 de maio de 2001 concedéronse á devandita mercantil novas licencias de obra e actividade e instalación para un centro comercial con garaxe aparcamento e hipermercado, na rúa Travesía de Vigo s/n (O troncal).

Estas resolucións foron obxecto, tamén, de recurso contencioso-administrativo -o número 4726/01-, interposto pola “Federación Provincial de Empresarios de Comercio de Pontevedra”, no que aínda non recaíu sentenza.

A concesión das ditas licencias de obra e actividade, así como a resolución de avocación de competencias delegadas no Consello da Xerencia de Urbanismo por Decreto de 24 de novembro de 2000 para a resolución pola Alcaldía-

Presidencia dos expedientes a elas referidos, foi notificada a D. Eduardo Canabal Sanz, alegante no procedemento de concesión, con data 11 de xuño de 2001.

3º.- Formulada polo alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo proposta de modificación do referido convenio de 1998, o Concello-Pleno, con data 27 de outubro de 2003, acordou prestar conformidade á mesma e facultar ó alcalde-presidente para a súa sinatura, que tivo lugar na mesma data.

A dita modificación afectou á estipulación cuarta do convenio, concretamente ó seu apartado segundo e a un novo apartado terceiro, de compromisos adicionais, que se incluíu nesta estipulación.

A redacción do apartado segundo quedou como segue:

"Unha vez outorgadas polo Concello as licencias municipais que amparen a construción do proxecto de modificación e ampliación do centro comercial, CARREFOUR obrígase a executar a súa costa, baixo a dirección e inspección dos técnicos que designe o Concello e sen prexuízo da competencia que corresponda ó Ministerio de Fomento e tralo outorgamento dos correspondentes permisos e posta a disposición dos terreos necesarios, as accións viarias e infraestruturais exteriores ó área de implantación, que a súa definición gráfica e característica se recollen con carácter orientativo no plano nº 3 anexo e no documento nº 3 anexo, respectivamente.

A tal efecto, CARREFOUR deberá presenta-lo correspondente proxecto ante o CONCELO, no prazo máximo dun mes a contar dende a concesión das licencias municipais do proxecto de modificación e ampliación.

CARREFOUR asume a obriga de sufragar ata o seu total importe o custo derivado da execución do proxecto de «Paso inferior en la C.N. 550 [Travesía de Vigo] y reordenación de la intersección con Rúa Aragón» aprobado polo Concello, aínda que este sexa superior ós 350.000.000 de pts. (2.103.542,36 €) acordados no seu día.

A data límite para a finalización e recepción destas infraestruturas viarias será o 30 de abril de 2004, a non ser para a execución da glorietta prevista na rúa Cantabria, que deberá estar finalizada no prazo de 45 días desde a data de posta a disposición polo Concello dos terreos necesarios a tal fin.

Para o caso de que se incumprise este término, páctase unha penalidade 3.005 €/día a aboar por CARREFOUR.

Estas cantidades serían destinadas polo Concello á execución de obras de humanización na Travesía de Vigo.

Sen prexuízo disto e do disposto no apartado seguinte, a non finalización e recepción daquelas obras non impedirá a concesión das licencias municipais que autoricen a posta en funcionamento do centro comercial."

O novo apartado terceiro ten o seguinte contido:

"3. CARREFOUR asume, en virtude do presente convenio, os seguintes compromisos adicionais:

- a) Resolve-lo acceso peonal ó Colexio de Frián (Teis), dotándoo dun firme estable, recollida de augas pluviais, alumeado público e incluíndo as unidades de obra que garantan a seguridade do tránsito, a teor da pendente que debe salvarse.*
- b) Adecuar á súa costa parte dos terreos municipais situados en Coutadas (Teis), dunha superficie aproximada de 3.200 m²., para a súa utilización como aparcadoiro. As obras incluírán a preparación da superficie para posibilitar un firme estable, coas pendentes necesarias para evacua-las augas pluviais e conducilas á rede municipal, así como a marcaxe da superficie para a súa utilización como aparcadoiro.*
- c) Autorizar, ata a terminación das obras do paso inferior na Travesía de Vigo, a utilización de 200 prazas de aparcamento do centro comercial para o estacionamento dos vehículos de propiedade dos veciños do barrio de Teis. O estacionamento destes vehículos poderá realizarse durante as 24 horas do día, aínda que, por razóns de seguridade, non poderán ser retirados desde as 23:00 h. ata as 08:00 h. do día seguinte. As Asociacións de Veciños de Teis designarán ós 200 veciños que poderán utilizar as citadas prazas, ós que CARREFOUR lles*

entregará a correspondente acreditación. Unha vez finalizadas as obras do paso inferior os veciños non terán dereito a continuar utilizando estas 200 prazas de aparcamento.

- d) *Renova-lo sistema de alumeado actual entre as rúas Bailén e Cantabria, nas dúas beirarrúas, de acordo co proxecto de urbanización realizado polo Ministerio de Fomento e que por acordo plenario se asumiría nas obras do paso inferior da estrada nacional 550 (Travesía de Vigo) actualmente en construción.*

Estes tres compromisos adicionais deberán cumprirse, en todo caso, con anterioridade á posta en funcionamento do centro comercial, a non ser que a demora no cumprimento dalgún deles veña motivada pola falta de disposición efectiva por parte de CARREFOUR dos terreos necesarios para a execución das obras, previa valoración municipal desa circunstancia."

4º.- Finalmente, e polo que ás autorizacións administrativas para a posta en funcionamento do dito centro comercial se refire, por resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 27 de outubro de 2003 concedeuse a "Centros Comerciales Carrefour, S.A." licencia de primeira ocupación para o repetido centro comercial.

5º.- Contra todos estes acordos a que nos vimos de referir -convenio de colaboración de 1998 e a súa modificación por acordo plenario de 27 de outubro de 2003 e licencias de obra, actividade e primeira ocupación para o centro comercial- D. Eduardo Canabal Sanz, en data 28 de outubro de 2003, con solicitude de suspensión cautelar dos mesmos, interpuxo recurso de reposición fundado nos seguintes motivos:

-- Ilegalidade da cualificación como 4.6 -"Servicios urbanos"- da parcela municipal de 6.566 m2 de superficie, permutada a Carrefour por outras propiedades desta e agrupada a outra da mesma mercantil para forma-la parcela na que se empra o centro comercial.

-- Ilegalidade da referida permuta da parcela municipal de 6.566 m2 de superficie por outras propiedades de Carrefour ó corresponder á devandita parcela a cualificación de zona verde.

-- Infracción no convenio de colaboración de 1998 do artigo 11. g) da Lei 13/1995, de 18 de maio de Contratos das administracións públicas.

-- Valoración excesiva dos terreos ofertados en permuta pola parcela municipal.

-- Introducción de modificacións sustanciais nos sistemas xerais grafiados no vixente PXOU de Vigo, a virtude dun convenio urbanístico non incorporado ó Plan Xeral e, xa que logo, á marxe do procedemento legalmente establecido.

-- Ilegalidade da modificación do convenio de colaboración de 1998 en canto permite obte-la licencia de primeira ocupación do centro comercial sen ter rematado as correspondentes obras de urbanización.

6º.- Dado traslado do recurso á mercantil "Centros Comerciales Carrefour, S.A.", por esta, con data 13 de novembro de 2003, presentáronse as alegacións que figuran no expediente.

7º.- Por último, o enxeñeiro técnico de obras públicas, no que ás cuestións da súa competencia se refire, informou o recurso presentado do xeito que segue:

"1º.- Las referencias a distintos proyectos, bien de urbanización o de obras ordinarias, son muy confusas lo que dificulta al técnico que suscribe el alcance concreto del recurso.

2º.- En la pagina 9 se hace referencia a un proyecto de obras ordinarias de la calle Cantabria, que con independencia de lo mencionado sobre las alineaciones, no tiene nada que ver con las obras recurridas, y que ya fué objeto de pronunciamiento judicial en su momento.

3º.- En la pagina 10 se habla de la ejecución de un paso subterráneo, tal vez en referencia al que discurre bajo la Travesía de Vigo en su confluencia con la calle Aragón (Exp – 4376/401), que no tiene ningún acceso al centro comercial. Si por el contrario se refiere al paso subterráneo de la calle Troncal (Exp – 4159/401), proyecto de obras ordinarias, en modo ninguno se trata de un sistema general, ni altera el sistema viario.

4º.- En la pagina 11 se menciona el plano 2.1.1. a escala 1/500, bajo el titulo "Viales. Definición geométrica. Planta General." se supone que del mismo expediente antes citado (Exp – 4376/401). Pues bien es un plano que no define para nada las características de la calle Troncal, bocacalle de la Travesía de Vigo, la cual se desarrolla a través de un proyecto de obras ordinarias (Exp – 4159/401) con ancho de 14,- m como señala el vigente PGOU (hoja 20 – 22)."

Consideracións xurídicas: I.- A primeira consideración que procede facer respecto do recurso de reposición que nos ocupa é a da súa inadmisibilidade en canto ó acordo plenario de 5 de outubro de 1998, polo que se aprobou o texto do convenio de colaboración asinado o día 30 de setembro de 1998 polo Iltmo. Sr. alcalde-presidente do Concello de Vigo e os representantes das sociedades "Centros Comerciales Continente, S.A." e "Centro Shopping, S.A." -hoxe "Centros Comerciales Carrefour, S.A."-, así como respecto das resolucións do alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 7 de maio de 2001 polas que se concederon á devandita mercantil novas licencias de obra e actividade e instalación para o centro comercial na rúa Travesía de Vigo s/n (O Troncal).

É inadmisibile o recurso de reposición presentado contra o acordo plenario de 5 de outubro de 1998 porque, interposto por D. Eduardo Canabal Sanz recurso contencioso-administrativo contra o mesmo acordo -o número 6865/98, que se segue ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-, resulta inadmisibile, de acordo co artigo 116 da LRXPA, a interposición, agora, dun recurso de reposición contra o mesmo acordo.

É inadmisibile o recurso de reposición interposto contra as resolucións de 7 de maio de 2001 polas que se concederon á devandita mercantil licencias de obra e actividade e instalación para o centro comercial porque, notificadas estas en legal forma ó recurrente en 11 de xuño de 2001, sen que por este se interpuxera ningún dos recursos procedentes, ditos actos deviron para el firmes e consentidos, sen que poidan invocarse os prazos para o exercicio da acción pública en materia de urbanismo, toda vez que, segundo reiterada xurisprudencia, "esos prazos están establecidos para el caso de que el impugnante no conciera debidamente la licencia, pues en otro caso está sometida al régimen general de impugnación" (STS de 30 de novembro de 2000, RJ 9072).

Finalmente, no que a estes mesmos acordos toca, resultaría tamén inadmisibile a súa revisión de oficio ó encontrarse os mesmos, segundo vimos na exposición de feitos que antecede, recorridos ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa; razón pola que resultan excluídos da dita posibilidade, de acordo co artigo 102.1 LRXPA.

II.- Así as cousas, os únicos actos respecto dos que procede admiti-lo recurso de reposición que examinamos son o acordo plenario de 27 de outubro de 2003, polo que se prestou conformidade á proposta do alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de modificación do convenio de 1998 e a licencia de primeira ocupación para o centro comercial da mesma data.

III.- Respecto dos motivos de impugnación dos devanditos acordos procede distinguir:

En primeiro termo, os motivos referidos á ilegalidade da permuta da parcela municipal de 6.566 m2 de superficie por outras propiedades de Carrefour ó corresponder á devandita parcela a cualificación de zona verde; a infracción no convenio de colaboración de 1998 do artigo 11. g) da Lei 13/1995, de 18 de maio de Contratos das administracións públicas e, por último, a valoración excesiva dos terreos ofertados en permuta pola parcela municipal.

Estes motivos de impugnación deben ser directamente rexeitados por canto se refiren ó convenio de colaboración de 1998 e a extremos non afectados pola modificación aprobada en 27 de outubro de 2003, respecto do cal é inadmisíbel o recurso de reposición interposto, e non te-lo acordo aprobatorio do tal convenio a natureza de disposición xeral que permita a súa impugnación indirecta con ocasión da impugnación do acordo modificativo de 27 de outubro de 2003.

En canto ó reproche de que se teñen introducido modificacións substanciais nos sistemas xerais grafiados no vixente PXOU de Vigo, a virtude dun convenio urbanístico non incorporado ó Plan Xeral e, xa que logo, á marxe do procedemento legalmente establecido, debe ser igualmente rexeitado: tales motivos de impugnación afectarían ós proxectos de obras ordinarias para ampliación da rúa Toncal e execución de pasos sotárregos nesta rúa e na rúa Travesía de Vigo; proxectos ordinarios de obras que foron aprobados por distintos acordos do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, ningún dos cales é obxecto de impugnación no recurso de reposición que examinamos e que, asemade, carecen, tamén, da natureza de disposición xeral que permita considera-los actos recorridos como dictados en aplicación destes e, xa que logo, subsceptibles de impugnación indirecta.

En calquera caso ditos reproches poden ser contestados reiterando que, tal e como se desprende do informe o enxeñeiro técnico de obras públicas antes transcrito, os ditos proxectos de obras ordinarias non modifican ningunha das determinacións do Plan Xeral respecto das vías ás que se refiren, moito menos a estrutura fundamental do vixente PXOU no que a sistemas xerais se refire.

Os terreos ós que afectan estes proxectos ordinarios de obras están clasificados no PXOU vixente como viario. Os pasos sotárregos desenvolvidos nos proxectos intégranse no viario existente, como solución técnico-constructiva para resolve-los problemas de tráfico existentes e futuros da zona, sen altera-lo carácter demanial nin o réxime de uso público dos viais baixo os que se executan. En fin, nin as aliñacións fixadas polo Plan Xeral ós viais ós que se refiren os proxectos, nin as súas rasantes -perfil lonxitudinal da superficie da vía ou liña visible na que o terreo está en contacto coa edificación- resultan afectadas pola execución dos repetidos proxectos de obras.

IV.- No que se refire á alegación de ilegalidade da cualificación como 4.6 --"Servicios urbanos"-- da parcela municipal de 6.566 m2 de superficie, permutada a Carrefour por outras propiedades desta e que agrupada a outra da mesma mercantil formou a parcela na que se empraza o centro comercial, como motivo de impugnación referido ó Plan Xeral, subsceptible de fundamenta-la anulación de actos aplicativos deste, cabe reproducir as consideracións feitas a propósito desta cuestión polo secretario xeral adxunto no seu informe de 14 de marzo de 2001, con ocasión do informe desta mesma alegación feita no procedemento de concesión das licencias de obra e apertura para o centro comercial.

"Os escritos de alegacións -di o informe- invocan como motivo de oposición a un eventual outorgamento das licencias en trámite a incidencia que tería na cualificación urbanística da parcela na que se pretende construí-lo centro comercial, a anulación da corrección de erros incorporada ó PXOU vixente. Como se sabe na fase de aprobación provisional do PXOU unha parte da parcela municipal, logo permutada por outras propiedades de Continente e que esta sociedade agrupou con outra da súa propiedade formando a parcela na que agora se pretende construí-lo centro comercial, aparece grafiada en planos coa cualificación de ordenanza 3.1.A de zonas verdes. Esta

cualificación considérase errónea e na aprobación definitiva do PXOU atribúese a toda a parcela a cualificación de ordenanza 4.6 “zonas de servicios urbanos”.

É esta, nembargantes, unha cuestión xa debatida e discutida con ocasión da aprobación do convenio suscrito entre o Concello de Vigo e Continente o 30.09.98, a que me referín no antecedente 1. Polo tanto, non se trata agora de reproducir aquí aquel debate xurídico, que polo demais, substánciase nos recursos contenciosos-administrativos que neste momento penden ante o TSXG e que foron interpostos tanto contra os actos municipais de aprobación do convenio como de aprobación da conseguinte alteración da cualificación xurídica da parcela municipal, logo permutada por outras propiedades de Continente.

Pola contra, sí é necesario deixar claro cal sexa agora, no momento de resolver sobre as licencias en trámite, a cualificación urbanística da parcela na que se proxecta empra-lo centro comercial. Neste senso, ó meu xuízo non existe ningunha dúbida de que a cualificación urbanística da parcela, como xa sostiven no informe emitido sobre o convenio Continente-Concello de 1998 que se cita nos escritos de alegacións, é a de solo urbano con ordenanza 4.6 “zonas de servicio urbano” do vixente PXOU. Esta conclusión resulta da seguinte documentación do PXOU que obra na Secretaría Xeral do Concello:

- *Planos núms. 19-22 e 20-22 dos incluídos no Tomo II de “corrección de erros detectados na documentación do PXOU de Vigo aprobada provisionalmente o 27 de outubro de 1992”, que están selados cunha dilixencia de ter sido informados pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de 15.04.1993.*
- *Listado xeral de erros incluído no Tomo I de “corrección de erros detectados na documentación do PXOU de Vigo aprobada provisionalmente o 27 de outubro de 1992”, que aparece selado coa mesma dilixencia que os planos e ademais con outra dilixencia de ter sido aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993.*
- *Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993, publicado no DGA núm.87 do 10.05.93, que no seu apartado 3º dispón:*

“Incorpórase, como parte integrante da readaptación que se aproba, o contido do documento de corrección de erros e disfuncións detectados no expediente aprobado provisionalmente, informado favorablemente polo Pleno da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia na súa sesión do 15 de abril de 1993 e no que figura estampilada dilixencia en tal sentido.”

Certamente o TSXG na súa sentenza de 14.12.95 anulou esta corrección de erros, pero é igualmente verdade que esta sentenza non é firme xa que pende ante o Tribunal Supremo recurso de casación contra a mesma interposto polo Concello, e a súa execución provisional foi denegada por auto do propio TSXG de data 14.01.97.

Parecen dar por seguro os escritos de alegacións ós que me veño referindo que unha eventual confirmación da sentenza TSXG de data 14.12.95 en canto á corrección de erros, implicaría necesariamente que unha parte da parcela para a que se solicita licencia tería a cualificación de zona verde. Nembargantes, e sen prexuízo de que esta sería unha cuestión a resolver polo Tribunal sentenciador no momento de executa-la sentenza, o certo é que concorren unha serie de circunstancias das que é preciso deixar constancia:

- a) *O meu xuízo, a eventual anulación da corrección de erros incorporada ó vixente Plan Xeral non implica que a cualificación de zona verde outorgada na fase de aprobación provisional a unha pequena parte da parcela municipal, logo permutada con Continente, non sexa realmente un erro. Así se conclúe da propia sentenza do TSXG do 14.12.95 donde se sinala:*

“Considerando: que as correccións de erros plasmadas no Plan Xeral despois de recibi-lo mesmo a aprobación provisional polo Concello; se ben, son recollidas na aprobación definitiva, non conteñen en si mesmas razóns ou explicacións suficientes; isto é, unha clara motivación que permita cualificar de erros, o cal supón dispensalas do trámite xeral de aprobación; así pois, tal falta de explicación fainas inaceptables, cando menos en tanto non se xustifiquen debidamente en claridade e extensión na resolución que as asume...”.

En consecuencia, deste considerando conclúese que si se confirmase a anulación da corrección de erros habería que proceder a xustificar debida e suficientemente que a ordenanza de zona verde grafiada nos planos de aprobación provisional do PXOU é un erro.

- b) *As sentencias do TSXG de 1997 e 1999 anulatorias da anterior licenza outorgada a Continente, no seu fundamento de dereito 3º desestima a anulación da licenza porque afectase a unha zona verde “xa que nunca o terreo de que se trata recibiu esa calificación...”*

Así as cousas, é obvio que o feito de que se poida confirmar polo Tribunal Supremo a anulación da corrección de erros incorporada ó PXOU vixente non significaría a automática anulación das licencias que o Concello puidese ter outorgado neste ámbito. Será o TSXG ó resolve-los recursos contencioso-administrativos interpostos contra o convenio e permuta realizada o que resolva a cuestión de si efectivamente está xustificada ou non a corrección dese erro que incorpora o Plan Xeral e, en consecuencia, si a cualificación urbanística da parcela é na súa totalidade a de ordenanza 4.6. Pero mentres non se produza a resolución xudicial destes recursos é obvio que o Plan Xeral coa corrección de erros incorporada é executivo tal e como dispón o art. 53 LSG, de tal xeito que na resolución das licencias obxecto de informe a administración municipal necesariamente ten que considerar como cualificación urbanística aplicable á totalidade da parcela para a que se solicita licenza a de solo urbano con ordenanza 4.6.”

Pero é que, ademais, tendo este vicio invocado polo recorrente natureza formal -cambio de clasificación da parcela sen contar coa aprobación da Corporación municipal ou dispensándoo do trámite xeral de aprobación- non procede a impugnación indirecta do Plan Xeral, con ocasión da impugnación dos actos de aplicación deste, respecto dos cales se admite o recurso de reposición, fundada nesta pretendida ilegalidade do Plan Xeral, pois como ten reiteradamente declarado a xurisprudencia é improcedente invocar como fundamento do recurso indirecto as posibles infraccións de procedemento en que se tivese incorrido ó elabora-la disposición xeral. Así, por todas, a sentenza de 17 de novembro de 1993 (RJ 8.220), a propósito da omisión do preceptivo dictame do Consello de Estado na aprobación do Regulamento do xogo do bingo, declara que tal omisión “sería susceptible de plantearse unicamente a través de una impugnación directa por la vía del art. 39.1 de la Ley de la Jurisdicción y no en actos de aplicación, como lo tiene establecido este Tribunal Supremo en S. 11-3-1989, en la que recogiendo el sentido reiterado de un bloque de la doctrina jurisprudencial que cita viene a afirmar que «en la impugnación indirecta de disposiciones de carácter general con ocasión de combatir los actos de aplicación individual de las mismas (...) no cabe aducir las supuestas irregularidades del procedimiento seguido al dictarlas, al no tratarse de vicios que produzcan la nulidad de pleno derecho conforme al art. 47 de la Ley de Procedimiento Administrativo, siendo tan solo posible su anulación, con base en tales irregularidades a través del recurso de impugnación directa.»”

Polo demais, se ben é certo que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en sentenza de 14 de decembro de 1995, dictada no recurso contencioso-administrativo núm 8.416/93, anulou as correccións de erros plasmadas no Plan Xeral despois de ter recibido o mesmo a aprobación provisional polo Concello, dita sentenza foi casada e anulada por outra do Tribunal Supremo de 3 de maio de 2001, dictada no recurso de casación interposto contra a primeira, e repostas as actuacións do procedemento, por mandato desta sentenza, ó momento no que a Sala “a quo” non admitiu o recibimento a proba proposto pola recorrente, por sentenza desta de 4 de decembro de 2003 declarouse inadmisibile o dito recurso por causa sobrevida.

V.- Por último, polo que se refire á pretendida reserva de dispensación que implica a modificación do convenio de colaboración de 1998 en canto permite obter a licenza de primeira ocupación do centro comercial sen ter rematado as correspondentes obras de urbanización, procede contestar o que segue:

A novación modificativa do convenio de colaboración de 1998, autorizada polo Concello-Pleno en sesión de 27 de outubro de 2003, consistiu, no que agora importa, na supresión da estipulación contida no apartado 4º do convenio -obrigas de Continente-, segundo a cal a finalización e recepción das infraestruturas viarias convidadas faríase antes da posta en funcionamento do centro comercial, e a súa substitución pola que segue:

"A data límite para a finalización e recepción destas infraestruturas viarias será o 30 de abril de 2004, a non ser para a execución da glorietta prevista na rúa Cantabria, que deberá estar finalizada no prazo de 45 días desde a data de posta a disposición polo Concello dos terreos necesarios a tal fin.

Para o caso de que se incumprise este término, páctase unha penalidade 3.005 €/día a aboar por CARREFOUR. Estas cantidades serían destinadas polo Concello á execución de obras de humanización na Travesía de Vigo.

Sen prexuízo disto e do disposto no apartado seguinte, a non finalización e recepción daquelas obras non impedirá a concesión das licencias municipais que autoricen a posta en funcionamento do centro comercial."

Pois ben, a obriga de urbanizar simultaneamente á edificación, recollida no artigo 39 RXU, o incumprimento da cal impide a utilización do edificado, alcanza, de acordo cos artigos 19 LOUGA e 40 RXU, á urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a tivesen, a condición de soar, incluíndo a urbanización precisa para completa-los servicios urbanos, regulariza-las vías públicas e executa-las obras necesarias para conectar coas redes de servicios e viaria en funcionamento.

As obras de urbanización, a completa execución das cales tívose en conta para a concesión da licenza de primeira ocupación do centro comercial, encóntranse comprendidas dentro das necesarias para completa-los servicios urbanísticos que permiten recoñecer á parcela na que se empraza aquel a condición de soar. Non así, a execución do "proxecto de construción de paso inferior na rúa Travesía de Vigo (N-552) e reordenación das interseccións coas rúas Aragón, Cantabria e Frián" o cal constitúe, segundo xa dixemos, unha actuación de mellora viaria, perfectamente axustada ás determinacións do Plan Xeral, pero non esixida por este para a consideración como soares das parcelas colindantes e, concretamente, da parcela na que se empraza o centro comercial; razón pola cal a obriga da súa execución solo pode ter unha orixe convencional e non legal.

Así as cousas, tendo unha orixe convencional, e non legal, a obriga de execución do devandito proxecto, convencional era, tamen, -e non legal- a limitación estipulada no convenio de 1998 de que a finalización e recepción destas infraestruturas viarias faríase antes da posta en funcionamento do centro comercial, do que resulta a plena facultade dos contratantes de modifica-la dita estipulación por vía de convenio.

A novación modificativa do convenio de colaboración de 1998, no que aquí interesa, autorizada polo Concello-Pleno en sesión de 27 de outubro de 2003, veu motivada pola imposibilidade temporal, non imputable a Carrefour, de executa-las infraestruturas viarias convidadas nos prazos previstos para a execución do centro comercial. Dita imposibilidade temporal, debida ó retraso nos trámites administrativos de cesión da Travesía de Vigo polo Ministerio de Fomento ó Concello de Vigo -acordada por resolución da Secretaría de Infraestruturas de 25 de febreiro de 2003-, e non á mora negligente de Carrefour, xustifica a devandita novación modificativa do convenio de colaboración de 1998, con base no principio xeral que rexe as obrigas recíprocas de acordo co cal non cabe esixir a un contratante o cumprimento da súa obriga -no presente caso a esixencia a Carrefour do cumprimento da limitación da demora da posta en funcionamento do centro comercial ata a recepción das infraestruturas viarias convidadas- en

tanto a outra parte non cumpla o que lle incumbe -a obriga do Concello de poñer a disposición de Carrefour os terreos viais necesarios para a execución das ditas infraestruturas-.

En fin, non tendo unha orixe legal a obriga de executa-las obras de urbanización comprendidas no "proxecto de construción de paso inferior na rúa Travesía de Vigo (N-552) e reordenación das interseccións coas rúas Aragón, Cantabria e Frián", non cabe falar de incumprimento da obriga legal de urbanización simultánea á edificación e, xa que logo, tampouco, de reserva de dispensación na modificación convencional acordada.

VI.- De todo canto levamos dito resulta tamén a non concorrencia de circunstancias que aconsellen a suspensión da execución dos actos recorridos.

VII.- Finalmente, de acordo co artigo 116 LRXPA é competente para resolve-lo recurso de reposición interposto o mesmo órgano que dictou cada un dos actos impugnados.

Non obstante, polo que se refire ó acordo plenario de 5 de outubro de 1998, de ratificación do convenio de colaboración entre o Concello, "Continente, S.A." e "Centros Shopping, S.A.", e a súa modificación aprobada en sesión plenaria de 27 de outubro de 2003, habida conta a reasignación de atribucións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, operada pola Lei 57/2003, de 26 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, será competente para a resolución do recurso a dita Xunta de Goberno Local.

En canto ás resolucións de concesión de licencias de construción, actividade e primeira ocupación para o centro comercial será competente o concelleiro-delegado de Urbanismo e medio ambiente, de acordo coa devandita reasignación de atribucións do alcalde e da Xunta de Goberno Local, operada pola Lei de medidas para a modernización do goberno local e o acordo de delegación no dito concelleiro da atribución da Xunta de Goberno Local (artigo 121. 1. e) LMMGL) de outorgamento de licencias de natureza urbanística.

Por todo o exposto e de acordo coas precedentes consideracións e artigos citados propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Inadmitir e rexeitar, respectivamente, polas razóns que se conteñen na parte expositiva do presente acordo o recurso de reposición interposto por D. Eduardo Canabal Sanz contra os acordos plenarios de de 5 de outubro de 1998, de ratificación do convenio de colaboración entre o Concello, "Continente, S.A." e "Centros Shopping, S.A.", e de 27 de outubro de 2003, de modificación do anterior, e, polas mesmas razóns, rexeita-la petición de suspensión da execución dos ditos actos solicitada no recurso.

Segundo.- Notifíquese, en legal forma, a presente resolución ós interesados no expediente.

A Xunta de Goberno presta conformidade á proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

45(68).- DELEGACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA ALCALDÍA DA ASIGNACIÓN DE GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL ADSCRITO Ó SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Seguidamente dáse conta da proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 21.01.04, que di como se transcribe:

*“Urxente.
Primeiro e único.*

Co obxecto de facilita-lo aboamento regular en nómina das gratificacións por servicios extraordinarios do persoal adscrito ó Servicio de Extinción de Incendios, que ven percibindo dita gratificación en concepto de exceso de xornada anual estrutural, segundo o réxime de aboamento mensual previsto na Disposición Transitoria sexta do acordo regulador vixente, aprobado en sesión preñaria de 28 de decembro de 1998, considérase necesario que a Xunta de Goberno Local, no exercicio das súas competencias exclusivas recoñecidas no art. 127 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, proceda a efectuar unha delegación sigular de competencias para este suposto a favor da Alcaldía Presidencia, ou de calquera outro membro da Comisión, e garantir deste xeito a confección en tempo e forma das pertinentes nóminas, logo que o réxime de sesións ordinarias dese órgano colexiado imposibilita efectuar o aboamento periódico destas retribucións complementarias.

Para o caso de acordarse dita delegación, daráselle oportuno traslado ó órgano delegante de cantas resolucións sexan adoptadas polo órgano delegado nesta materia.”

Acordo

A Xunta de Goberno, visto o precedente informe, acorda:

1º.- Delega-la competencia para aproba-las gratificacións por servicios extraordinarios do persoal adscrito ó Servicio de Extinción de Incendios en concepto de exceso de xornada anual estrutural na Alcaldía-Presidencia.

2º.- Daráselle oportuno traslado á Xunta de Goberno Local de cantas resolucións sexan adoptadas polo órgano delegado nesta materia.

46 (69).- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás doce horas e dezasete minutos. Como secretaria dou fé.

me.